

cultura

O Caudal Fest presenta o seu programa para o próximo ano. **Páx. 4**

sociedade

Entrevista a Cristina López, concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza. **Páx. 11**

medio rural

Reabrirá con horario reducido o centro de saúde de Nabela. **Páx. 16**

infraestruturas

A aprobación do PXOM sofre un novo retraso no 5% pendente. **Páx. 18**

deportes

Meira gaña o Rally San Froilán e Senra, segundo, o campionato galego. **Páx. 30**

Onde deixo o coche?

A cidade adoce de varios problemas de aparcamento, condicionados pola falta de espazos nas vías e os malos hábitos da cidadanía



Lugo contará con orzamentos participativos

A veciñanza pode aportar as súas suxestións para o reparto de capital **Páx. 8**

Gómez Besteiro liderará o PSOE Galego

Foi o único que presentou o mínimo de avais necesarios para ser candidato. **Páx. 10**

Festival de Jazz



Ofrecerá ata o día 19 un total de 24 concertos na cidade de Lugo. **Páx. 5**

Concurso de tapas



A nova edición terá lugar entre os días 3 e 19 de outubro. **Páx. 15**

Entrevista



Álvaro Abuín, director técnico do CB IES Sanxillao, que vén de formarse. **Páx. 31**

Esixen á Xunta un plan único para os concellos

A Deputación aprobou en Pleno esta medida e un planeamento contra a velutina. **Páx. 28**



Salvatierra
ABOGADOS

CONCIERTE CITA Y CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO

Tel.: 982 227 783 • San Roque, 14-20. Entlo. izda. - LUGO

TAMBIÉN ON-LINE

salvatierraabogados@salvatierra-abogados.es

Despacho en: FOZ • VIVEIRO • LUGO

Reclama de forma gratuita los gastos de tu hipoteca
¡100% GRATUITO, SIN COSTES!

¿Quién puede reclamarlos?

Todo aquel que tenga o haya tenido un préstamo hipotecario. Tanto si su hipoteca está activa, como si ya ha vendido su casa o si ha realizado renovaciones sobre el préstamo inicial.

¿Qué se necesita?

Tan solo se necesita aportar los siguientes documentos de gastos:

1. Factura de la NOTARÍA correspondiente a la Escritura de Préstamo Hipotecario.
2. Gastos de TASACIÓN de la vivienda.
3. Factura del REGISTRO DE LA PROPIEDAD por la inscripción de la Hipoteca.
4. Gastos de GESTORÍA, siempre que se haya impuesto por parte del banco.

A FONDO

A cruz de buscar aparcadoiro

Barrios de Lugo acumulan queixas pola falta de espazo nas rúas mentres se intenta concienciar sobre un menor uso do coche

O aparcamento na cidade de Lugo segue a ser unha cruz para moitos veciños e veciñas, en especial os residentes en barrios populosos como A Milagrosa, Fontiñas, parque Rosalía de Castro ou avenida da Coruña. Esas zonas son os puntos negros actualmente porque non hai prazas suficientes para a demanda, condicionada tamén polos horarios e polos servizos que se ofrecen na contorna. A alternativa, o aparcadoiro privado de pago, non parece a opción desexada, xa que os veciños non valoran esta alternativa. Ademais, tampouco existe actualmente unha cobertura neste campo xa que só o centro da cidade, onde xa practicamente non quedan lugares de aparcadoiro gratuito, ten este servizo de forma completa. Hai moitos barrios onde aínda así non hai ocios libres en horarios de oficina, de pago ou non.

O REGRESO DA ORA. Esta situación acrecentouse pola eliminación do servizo de ORA en zonas de especial concentración de coches, como no parque, onde conflúen varios centros escolares e os xulgados, ademais doutros servizos.

A falta de espazos é difícil de solucionar por parte das autoridades, as alternativas que se propoñen pasan por aparcadoiros disuasorios, en zonas como a avenida Breogán ou o Pazo dos Deportes. Poden funcionar para momentos puntuais, como as festas, pero non son unha alternativa desexada pola veciñanza.

Son moitas as voces que claman polo regreso da ORA ou por facer aparcadoiros nestas zonas conflitivas. En Fontiñas existe un proxecto do PP para facer un aparcadoiro público e poder así cubrir a importante demanda existente, un proxecto que está no tinteiro aínda.

MALOS HÁBITOS. Pero mentres as protestas e as demandas de solu-



cións teñen lugar, cobra relevancia a cuestión dos malos hábitos dos lugueses no uso do coche. Malia a insistencia de organismos e administracións, en Lugo o coche "úsase para todo", incluso para pequenos desprazamentos e cando falta un lugar onde deixar o coche estacionado, óptase por malos costumes. Así, son miles as queixas de persoas con problemas de mobilidade que ven como as súas prazas son ocupadas continuamente; ademais do uso indiscriminado das zonas de carga e descarga, as paradas de bus ou os cruces e as beirarrúas, sen importar o prexuízo que isto pode causar. Ademais, en moitas

desas ocasións, existen ocios libres nas rúas próximas.

A situación máis destacada prodúcese á hora da entrada dos pequenos colexios. Pais e nais, en especial se chove, acoden cada un co seu coche á entrada do centro, polo que se forman continuos atascos, aparcando en cruces, dobre fila ou onde se atopa un oco, unha medida que non sempre se penaliza.

Entre as ironías dos malos hábitos está a contorna do HULA. O Concello vén de abrir un novo aparcadoiro gratuito, que se mantén baleiro mentres os coches seguen a estacionar pola estrada de acceso invadindo a calzada.

OS APARCADOIROS DISUASORIOS



A avenida Breogán foi un dos lugares escollidos para a construción dun aparcadoiro disuasorio, que agora mesmo está en obra. Terá 5.700 metros cadrados e ofrecerá 148 prazas, das cales 4 estarán reservadas para vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida. A intención é unir este co centro da cidade con servizo de bus, unha opción que non convence a moitos veciños.

UNIVERSIDAD Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas
Física
Química general e inorgánica
Química - Física I
Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II
Física I y II
Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

ABAU (Antigua selectividad)

BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física
Química - Lengua
Gallego - Inglés
Historia - Filosofía
Biología - Geología
Geografía
Historia del Arte

j.m.rivas
ACADEMIA



ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
ATENCIÓN PERSONALIZADA
GRUPOS REDUCIDOS
Preparación específica para subir nota en ABAU

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

A OPINIÓN DA VECIÑANZA



► Para Fernando Buján atopar onde deixar o seu coche volveuse misión case imposible dende hai tempo. “Na zona da Residencia, tamén debido ao carril bici que quitou moitas prazas, é practicamente imposible aparcar se non tes garaxe. Acabas dando un montón de voltas no mellor dos casos ou deixando o coche bastante lonxe”. Pero as opcións cando vaia ao seu posto de traballo, que está na Avenida da Coruña, tampouco son moito mellores. “Opto por deixalo na rúa Río Narla ou na Milagrosa se hai sorte, especialmente polas tardes. Ás mañás é moito máis difícil, sobre todo a primeira hora, ás 9.00, que é cando entran os nenos nos colexios e é unha loucura o volume de tráfico”.



► As dificultades tamén son comúns para os que non viven na cidade e non teñen máis opción que usar o coche. É o caso de Santiago Vázquez, veciño de Friol. “Cando teño que vir a Lugo a facer algún tipo de compra, moitas veces é que nin se me pasa pola cabeza ir ao centro só polo difícil que vai a ser encontrar sitio, sobre todo en horas de moito tráfico e tras a peonalización das rúas”. A falta de alternativas e os aparcadoiros municipais, que resultan insuficientes en determinadas momentos do día, provocan que moitos condutores cambien de plan. “Ao final só tes dúas opcións: pagar por deixalo nun parking ou irte ás Termas para non ter problemas de aparcadoiro e aforrar tempo”.



► Estacionar en pleno centro da cidade tampouco resulta sinxelo, como así o confirma o testemuño de Pilar Díaz, veciña do barrio de Albeiros. “Eu vou traballar todos os días ao centro, á rúa Armañ, e o problema é terrible, porque Bolaño Ribadeneira, Praza Ferrol e Quiroga Ballesteros estn todas levantadas e o carril bici tampouco che deixa sitio”. Moitas veces, Pilar opta por deixar o coche na rúa Monforte e percorrer a distancia a pé. “Como é pouco tempo de traballo e vou a primeira hora, s veces se chego un pouco ms tarde, queda en carga e descarga. Se vas despois xa tes que dar voltas e voltas, pero  que pola zona dos xulgados  o mesmo. E claro estn os aparcadoiros subterneos nos que o podes deixar un da, pero se o fas sempre o que ganas gastalo”.



► Para os que non viven na cidade e non poden empregar o transporte pblico a solucin ms rpida acaba sendo pagar por estacionar. “Eu cando veo normalmente meto o coche nun aparcadoiro privado porque polas mañs nunca encontras sitio no centro, pero  que na zona da Milagrosa pasa o mesmo”, recoece Paula lvarez. Anda que asegura que as posibilidades son maiores na cidade fronte a outras urbes, atopar onde deixar o coche continua sendo unha materia pendente. “Si que  certo que penso que tes ms opcins se comparas o que acontece aqu con sitios coma Santiago, pero anda as cnsume de dar voltas para acabar parando un momento onde o bus, as que ao final prefiro pagar”.



► Isabel Fernndez, que vive e traballa no barrio da Milagrosa, tamn confirma a falta de prazas cada vez que se ten que achegar a realizar calquera tipo de trmite. “Cada vez que teo que ir  Seguridade Social  imposible levar o coche, perdes moito tempo. Moitas veces teo que cruzar a ronda das Fontias e acabo aparcando onde a comisara da Polica Local porque perdes a paciencia”. Un problema que notan especialmente aqueles que coma ela teen un horario pouco flexible. “Eu son autnoma e teo un negocio polo que s veces dependes de que algun te acerque e espere por ti, porque senn  que non das chegado a abrir  hora a que o tes que facer”.



► A perda de tempo que implica encontrar un sitio preto do seu posto de traballo leva a algns lucenses a ter que alugar unha praza. As o confirma Cristina Braa, que traballa nunha oficina na Ronda da Muralla. “Eu deixo o coche no aparcadoiro de Camio Real desde o 2011 porque xa daquela, cando levaba o neno  gardara, era difcil encontrar sitio e sempre acababa no aparcadoiro”. A zona azul, que naquel momento anda estaba en funcionamento, tampouco lle facilitaba a situacin. “Co servizo ORA tias limitado un tempo mximo de das horas e despois debas sacar o coche, pero eu non poda sar do traballo para cambilo de sitio, as que decidn coller a praza”.



CENTRO DE ODONTOLOGA E IMPLANTOLOGA

20 Aos a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernndez Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camio Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clnica **TEST** dental

Parking gratuito

Darío Villanueva gaña o Premio Otero Pedrayo



O xurado acordou outorgar o Premio Otero Pedrayo 2023 ao académico e crítico literario Francisco Darío Villanueva Prieto. O fallo comunicouse tras unha reunión mantida no Pazo de San Marcos na que se valoraron e votaron as distintas candidaturas presentadas.

Ademais da candidatura premiada, presentada pola Xunta de Galicia, presentáronse a do grupo musical Fuxan Os Ventos, por parte da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, e a do filólogo e estudioso da tradición oral Domingo Blanco, por parte da Asociación Oral de Galicia.

Tras a deliberación do xurado, composto por representantes da Xunta de Galicia, das catro deputacións provinciais, das tres universidades, da Real Academia Galega, do Instituto Padre Sarmiento e da Fundación Otero Pedrayo e presidido polo secretario xeral de Cultura Anxo Lorenzo, procedeuse á votación das candidaturas.

Darío Villanueva foi elixido na segunda ronda de votacións, grazas ao voto de calidade da presidencia do xurado, tras un empate a votos entre a súa candidatura e a de Fuxan Os Ventos.

O GALARDONADO. Nado en Vilalba en 1950, Darío Villanueva Prieto é catedrático de Teoría da Literatura e de Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela, institución da que foi reitor entre 1994 e 2002. No 2007 ingresou na Real Academia Española, que dirixiu de 2014 a 2018. É autor de numerosos ensaios sobre escritores como Valle Inclán, Azorín, Torrente Ballester, Camilo J. Cela ou Emilia Pardo Bazán; e publicou, como autor único ou colaborador, medio centenar de libros sobre crítica e teoría da literatura. As súas últimas publicacións son *De los trabajos y los días: filologías* (2020), *Morderse la lengua. Corrección política y posverdad* (2021) e *Poderes de la palabra* (2023).

O Caudal Fest presenta o seu programa para o próximo ano



Mikel Izal, Viva Suecia, Arde Bogotá, Ginebras e Nil Moliner son os primeiros cabezas de cartel que actuarán no Caudal Fest 2024, os días 20 e 21 de setembro. Así o avanzou a rexedora lucense, Lara Méndez, quen fixo o anuncio tan só unhas semanas despois da celebración da quinta edición do evento, a máis concorrida e exitosa ata a data, con máis de 37.000 asistentes e un retorno económico para o municipio superior aos 7,3 millóns de euros, consolidándose como un dos festivais de música máis importantes de todo o norte peninsular.

Neste senso, a alcaldesa subliñou que “estamos moi satisfeitos de poder anunciar o primeiro avance do cartel do próximo Caudal Fest, unha cita moi importante para Lugo tal e como se acaba de comprobar ao calcular o retorno económico e a dinamización que xera en todo o municipio”.

“Nin que dicir ten que para esta sexta edición temos igualmente moi boas expectativas pero quero poñer en valor o apoio municipal co que mimamos a organización desta cita,

que xa se considera unha das máis destacadas do verán e que tanto leva contribuído á consolidación da nosa cidade como referente nos circuitos musicais de todo o país, non só de Galicia”, apuntou.

VENDA DE ENTRADAS. O Caudal Fest 2024 vendeu, en apenas 24 horas, o 60% dos seus abonos nada máis saír. Así o avanzou a rexedora, Lara Méndez, quen destacou “a boa acollida do cartel da vindeira edición do festival, con artistas e bandas de primeiro nivel nacional”. “A calidade do mesmo e o volume e ritmo de venda de abonos é boa mostra da consolidación deste evento na nosa cidade”, subliñou.

Ao longo das vindeiras semanas iranse desvelando próximas novidades desta edición, a sexta que buscará ser a máis exitosa da historia do festival ata o de agora.

En 2023, o evento reuniu a 37.567 persoas en Lugo, supoñendo un retorno económico de 7,3 millóns de euros para o municipio e xerando máis de 350 empregos directos e 2.000 indirectos.

O CARTEL DO 2024

- **Mikel Izal** presentará o seu primeiro álbum en solitario. Será o único festival de Galicia no que actuará en 2024.
- **Viva Suecia**, unha das bandas imprescindibles de rock en castelán na última década.
- Se hai unha banda da que todo o mundo fala, esa é **Arde Bogotá**. Os murcianos son a banda do momento e esgotaron as entradas da xira de presentación.
- **Ginebras**, son unha das bandas máis xenuínas da escena independente do noso país.
- O barcelonés **Nil Moliner**, un dos artistas que máis discos vende no país.
- **Carlos Sadness**, artista que leva máis de dez anos cultivando éxitos a nivel internacional estará por primeira vez no Caudal Fest.
- **Varry Brava** será outro dos grandes grupos con éxitos como No Gires ou Raffaella.
- **Ladilla Rusa** incorpóranse tamén ao cartel. O seu espectáculo cheo de hits e de humor animarán os bailes.
- Os castelán leoneses **Siloé** están chamados a ser unha das bandas de 2024.
- Este primeiro anuncio complétase con **Huecco**, **Karavan**, **Tu Otra Bonita**, **Ramón Mirabet**, **Xina Mora** e os galegos **Monolious DOP**.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

A 33 edición do Festival de Jazz contará con 24 concertos ata o 19

Os organizadores do Festival de Jazz de Lugo presentaron o programa da súa 33ª edición, que se celebrará do 3 ao 19 de novembro con 24 concertos que terán como sedes o Círculo das Artes, o club Clavicémbalo e a Casa do Saber.

Un ano máis, a asociación de Amigos do Jazz Escobijazz reunirá en Lugo a grandes figuras do jazz a nivel internacional e estatal e a recoñecidas formacións e músicos galegos do xénero, un festival, que "segue a cultivar o gusto polo jazz entre o público lucense" e "contribúe a consolidar a imaxe de Lugo como un escenario idóneo para acoller eventos culturais de todos os ámbitos", dixo Javier Arias.

En canto ao programa, no Clavicémbalo actuarán Wealman (Lugo) o venres, 3 de novembro; Irati Bilbao Quinteto (País Vasco) e Ton e Teira (Galicia) o sábado 4; Rembrandt Trío



(Países Baixos) o mércores 8; TT Syndicate (Portugal) o xoves 9; Kike Perdomo Quintet (Canarias) e Amoeba Split (Galicia) o venres 10; Límbico e Demo Rumudo (ambos de Galicia) o sábado 11 -; Proyecto 1800 (Galicia)

o martes 14; Jorge Tojeiro 8tet (Lugo e outros lugares de Galicia) o mércores 15; Grant Stewart & Jim Rotondi o xoves 16; Gabriela Suárez (Canarias) o venres 17 e sábado 18; e Juan Saiz Cuarteto (Cantabria e Cataluña) o sábado 18.

Pola súa banda, o Círculo das Artes albergará os concertos de Mike Stern Band (EEUU) o xoves 9 de novembro; Emmet Cohen Trio (EEUU) o venres 10; Shai Maestro Quartet (Israel e EEUU) o sábado 11; Camille Thurman & The Darrell Green Quartet (EEUU) o mércores 15; o sexteto do músico galego Baldo Martínez o xoves 16; Javi Ruibal Cuarteto (España) o venres 17; Gran Canaria Big Band o sábado 18; e a Orquestra Jazz Matosinhos (Portugal) o domingo 19. Así mesmo, o trío encabezado pola barcelonesa Irene Reig estará o martes 14 na Casa do Saber

O PP pide máis anticipación na programación das festas de San Froilán

O concelleiro popular Javier Vázquez di que a climatoloxía foi a mellor das actuacións contratadas este San Froilán e afea "a improvisación e falta de transparencia dalgunhas contratacións, como a revista publicitaria do evento". Piden unha maior planificación na organización do San Froilán e propoñen varias medidas como pechar con máis anticipación o programa para publicitalo con tempo; que as contratacións dos concertos ou a elección de pregoiros e oferentes queden pechados antes do mes de xuño; incorporar concertos de tirón nacional ou internacional e dar estabilidade á contratación das casetas para evitar que queden desertas como ocorreu este ano no que só houbo 3 das 4 previstas.

O Vello Cárcere acollerá os días 3 e 4 as XXXVII Xornadas penitenciarias

As XXXVII Xornadas penitenciarias organizadas pola asociación Concepción Arenal celebraranse no Vello Cárcere os días 3 e 4 de novembro. Nesta edición, as xornadas afondarán na xustiza restaurativa, que ten a súa orixe no movemento social alemán dos anos 70, e no seu valor reparador para as vítimas. A alcaldesa estivo acompañada pola presidenta do colectivo, Elvira Fernández e pola vicepresidenta do mesmo, Ana Traseira.

Durante a súa intervención, a rexedora destacou a importancia de que Lugo acolla eventos deste tipo e defendeu o seu valor como espazo para o diálogo. "É necesario avanzar na consecución de formulas que faciliten a reinserción dos penados e permitan así mesmo

acadar a restauración do dano ás vítimas. Este traballo repercute nunha maior e mellor calidade na convivencia e contribúe a paz social", afirmou Méndez.

Ademais dos coloquios dos profesionais sobre a xustiza restaurativa, realízase a entrega das Medallas Concepción Arenal, outorgadas as personalidades destacadas pola súa colaboración desinteresada coa asociación ou en beneficio da reinserción social. Como preámbulo aos simposios, dentro das actividades organizadas no marco destas xornadas, a organización inclúe o pase do filme *Las dos caras de la Justicia* que terá lugar o venres día 3 a partir das 11 horas no colexio de Avogados.



O Museo provincial abre unha sala monográfica sobre Tino Grandío

Inaugurouse no Provincial de Lugo a Sala Monográfica Tino Grandío, a sala 13, na que se se expoñen as obras máis representativas do pintor lucense. A sala, renovada e acondicionada como espazo monográfico, amplía as obras de Tino Grandío expostas ao público, amosando algunhas das últimas incorporacións á colección de fondos do museo, depositadas pola familia.

Ata o de agora, tan só estaban expostos en diferentes espazos do Museo cinco cadros do pintor, Virxe dos Ollos Grandes, procedente do Colexio Fingoi, Retrato da miña nai, O cazador, Feira de burros e Cura de aldea con fregueses, doados os catro no seu día por José Fernández López,

un dos máis importantes benfeitores do museo.

Nos últimos anos, o museo incrementou a colección grazas aos depósitos de familiares do artista. O primeiro deles en marzo do ano 2013, o de Branca Grandío Rodríguez e Ana María Isabel Codesal, sobriñas do pintor, e máis recentemente, en maio deste ano, o depósito Figueroa, Codesal, Grandío.

Na actualidade a colección Tino Grandío está composta por un total de 29 cadros, entre debuxos e pinturas, das cales 16 se amosan na recentemente inaugurada sala monográfica, mostrando as diferentes etapas e mesmo apreciar a evolución técnica e artística do pintor.

NOVO MURAL



Un grupo de 75 alumnos do CEIP Albeiros recibiu a visita do proxecto Ningún Aro Sen Rede no que colaboran a Fundación Breogán, Ecoballution e a UNED de Lugo. Esta é a primeira actividade das 10 que se levarán a cabo durante o curso 23-24. A visita iniciouse coa instalación de cinco redes Econet, feitas a man por redeiras de Corme a partir de residuos de redes de pesca, e cunha charla impartida por Salva Arco e Ana Traseira.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"

129 eur*
IVA INCLUIDO

OFERTA!!
**BLACK
WEEK**



INODORO
LYON

Con tapa
amortiguada
duroplast

*Hasta fin de
existencias

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

104 candidatos á Bial de Pintura do Eixo Atlántico

Un total de 104 artistas de Galicia e do norte de Portugal presentaron a súa candidatura ao certame Bial de Pintura do Eixo Atlántico. Unha vez pechada a recepción das obras, o xurado seleccionou 30 propostas finalistas que configurarán o catálogo dixital do premio e constituirán a exposición itinerante que terá o municipio de Lugo como punto de partida a finais de novembro.

O fallo farase público o día da inauguración da exposición, cando tamén se fará entrega dos premios aos galardoados. Haberá tres premios de 4.000, 2.000 e 1.500 euros, este último para novos artistas (de entre 16 e 25 anos).

A inauguración da exposición coincidirá co peche da programación da Capital da Cultura do Eixo Atlántico, cunha extensa variedade de actividades. A colección de obras percorrerá varias cidades do Eixo Atlántico.

O Concello segue a buscar un director para a Banda

O Concello de Lugo continúa traballando na procura da cobertura temporal da praza de director da Banda de Música cuxo titular se atopa en excedencia.

En primeiro lugar tratouse de que o outro aspirante presentado ao proceso selectivo, aceptase ser o substituto do titular, opción que rexeitou. A continuación convocouse un proceso para a cobertura do posto, mediante Comisión de Servizos á que se presentaron varias solicitudes. Porén, só unha reunía todas as condicións, mais esa persoa nunca acreditou a perceptiva autorización da Administración de orixe.

O profesor Gonzalo Fernández Suárez e Carmen Sarcedan toman posesión como decanos



O profesor da área de Ciencias e Técnicas Historiográficas do Departamento de Historia da USC Gonzalo Francisco Fernández Suárez, vén de renovar o seu mandato como decano da Facultade de Humanidades do Campus de Lugo da USC. O profesor da área de Lingüística Xeral Miguel González Pereira, en calidade de vicedecano, e a tamén docente da área de Historia da Arte Miriam Elena Cortés López, continúan tamén como membros dun



equipo de goberno que recibiu o apoio de máis do 77%.

Carmen Sarceda renova tamén no decanato da Facultade de Formación do Profesorado. Acompañada dos docentes do seu equipo Santiago López Gómez, Paula López Rúa e Virginia Aznar, adiantou o seu programa de goberno, que está vertebrado arredor de seis eixes: xestión, docencia, investigación, recursos humanos, infraestruturas e alumnado.

Abre no Conservatorio a mostra de instrumentos medievais do Centrad

O Conservatorio de Música Xoán Montes abriu a mostra *A memoria do son*, con réplicas de instrumentais medievais do Centro de Artesanía e Deseño (Centrad) da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A exposición, cun formato itinerante pensado para ampliar a difusión deste patrimonio musical, inclúe unha giga, unha rota, unha cítola, unha viola de perna, unha viola de brazo, unha zanfona e un organistro, construídos a partir de representacións escultóricas destes instrumentos en lugares emblemáticos como o Pórtico da Gloria ou o Pazo de Xelmírez ou dos datos recollidos en distintos documentos literarios e históricos como os manuscritos das Cantigas de Santa María de Alfonso X.

No último ano e medio, expúxose

nunha trintena de localidades de Galicia e mesmo noutros puntos do Estado e, coa inauguración, inicia unha itinerancia coa que se pretende chegar aos conservatorios de Galicia.

Ademais das reconstrucións de instrumentos medievais, a mostra inclúe propostas interactivas, como un salterio no que as persoas visitantes poden interpretar melodías de cantigas de Afonso X e Martín Códax. De cara ao público máis novo, ofrécense dous pasatempos -un crebacabezas e un encrucillado- que incorporan os contidos da exposición de forma lúdica.

A exposición conta cun catálogo, en catro idiomas, tamén dispoñible para descargar, en formato pdf, na web cultura.deputacionlugo.gal.

Os xoves 16 e 30 seguirán as actividades de animación á lectura

Continuarán as actividades que conforman a nova edición da programación de animación á lectura e contacontos. “Con estas actividades pretendemos achegar ás máis pequenas e pequenos á biblioteca e ao mundo da lectura e dos contos, prestando ademais especial atención ao fomento da igualdade de xénero”, explicou Maite Ferreiro.

“Do mesmo xeito que na última edición, realizaremos as actividades nas instalacións do MIHL, para continuar a promocionar esta instalación e a súa singularidade”, explicou a edil


de Cultura, que engadiu “para asistir será preciso retirar entrada, de maneira gratuíta, no portal entradaslugo.es”. As persoas adultas que acompañen ás nenas e nenos terán que retirar entrada, mais para dar preferencia ao público infantil, só se permitirá unha acompañante por unidade familiar, cun límite de tres entradas por persoa.

Así, o xoves 16, ás 18.00 horas, poderá verse *Cabicivai*, de Pablísimo e o 30 de novembro será a vez de Migallas Teatro, con *Brincadiras da lingua*.

UNED SÉNIOR



A directora da UNED de Lugo deu a benvinda aos novos estudantes da unidade Sénior para o curso 23-24. Iniciaron as clases 16 alumnos matriculados no curso básico de inglés e a continuación o alumnado matriculado nel nivel intermedio de inglés. Tanto a directora da UNED, como a profesora Cristina Pereira, deron as grazas ao alumnado pola súa confianza e desexáronlles un feliz curso cheo de novas aprendizaxes.



Descubre la Verdad sobre la Piel

- Acné
- Psoriasis
- Arrugas
- Manchas
- Eczemas
- Dermatitis
- Rosacea
- Estrías
- Pos-quimioterapia
- Pos-radioterapia
- Hiperhidrosis
- Micosis
- Lupus
- Celulitis

¡Pide una demostración Gratuita!

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo.
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es



APROVECHA NUESTROS DESCUENTOS

HASTA UN

40%

EN LAS PLANTAS
1ª - 2ª - 3ª

MOBELRIAS
pensando en ti

villamor
MUEBLES

Tfno: 982 20 08 80
www.mueblesvillamor.es
914 - N-VI (Madrid) - 400000 km 306.4 - Lugo

O Consello da Cultura rendeu unha homenaxe a Paco Pestana

Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, assistiu no Vello Cárcere á inauguración da xornada Paco Pestana: o impenitente narrador da vida, organizada polo Consello da Cultura Galega. A xornada foi unha homenaxe e revisión da traxectoria dun creador referencial para entender o desenvolvemento da escultura galega nas últimas décadas do século XX.

Paco Pestana atopou na escultura e na poesía as súas canles fundamentais de expresión. Creador multidisciplinar, a súa obra e traxectoria consolidárono como unha figura referencial para entender o desenvolvemento da escultura en Galicia

nas últimas décadas do século XX. Cando se fan dous anos da súa morte, a Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega (CCG) dedicoulle unha nova xornada do ciclo Revisando a nosa arte. A sesión estivo coordinada por Rosario Sarmiento e Lucila Yáñez.

A sesión comezou cun relatorio a cargo de Juan Manuel Bonet, após o que se desenvolveu a mesa redonda *O meu amigo Paco Pestana*. Nela participaron o arquitecto Santiago Catalán; o director da Galería A Catedral en Lugo, Jorge Espiral; o pintor e profesor Miguel Anxo Macía; o escultor Juan Lomarti, e Ro-

sario Sarmiento, historiadora e xesora cultural. A cita continuou coa proxección fotográfica *Oito miradas sobre Paco Pestana*. Finalmente, realizouse unha visita guiada á obra de Paco Pestana na colección permanente do Museo Provincial de Lugo da man da súa directora, Aurelia Balseiro.



Chega a Lugo a mostra 'Lume, imaxes dunha terra que arde'

Abriu en Lugo a exposición *Lume, Imaxes dunha terra que arde*, que chega á cidade nunha das súas paradas polas cidades galegas. A mostra recolle en 13 paneis unha selección de imaxes capturadas nos últimos 15 anos por fotógrafos e fotógrafas de Galicia. A mostra trata sobre os incendios forestais, e está organizada polo Colectivo Olo en colaboración co proxecto Plantando Cara Al Fuego da USC.

Os incendios forestais son un dos grandes problemas ambientais aos que se enfrenta Galicia. A través da mirada íntima dos fotoxornalistas e as sensacións que as súas imaxes trasladan, o obxectivo é apelar directamente ao espectador para, a través das emocións, implicar á cidadanía na busca da solución a este

desafío. Os autores e autoras son profesionais da fotografía e do audiovisual independente, que desenvolven o seu traballo para diferentes medios galegos e nacionais, mais desenvolven un labor fotográfico paralelo máis persoal enfocado cara ao documentalismo pausado. Vanessa Casteleiro, Óscar Corral, Agostiño Iglesias, Brais Lorenzo, Adra Pallón, Óscar Pinal e Paula Quiroga son os nomes que están detrás das imaxes que conforman a exposición. Trátase de escenas impactantes, que amosan as sensacións da experiencia vivida pola poboación que tivo que sufrir un incendio, así como da experiencia dos traballadores e traballadoras implicados nos labores de extinción, invitando así a crear un espazo para a reflexión.

FLORISTERÍA ROSE FLOR
San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

Grupo de Teatro do Hospital de Lugo (HULA)
A Mariña / Abrente / Curuxan / A Adala Futura
Grupo de Teatro Down / Os Pinchacarneiros
Pico do Castro / Grupo Humorístico Trípede
Os Pícaros de Lagoa / O Bordelo / O Torques
Melátese Teatro / A Adala / Hipócrata Teatro
Grupo de Teatro Viravento / Lume Escénico
O Centiño / Borguete Teatro / Alentía Teatro
Nova Escena / Colectivo Cultural Ollomao
Argalleiras / Teatreiras / Rebuldeira Teatro
57 Palabras / Os Palimoquiños / Os Trocos
Falcatrueiros / Os Baluros / Alentía Teatro
Ardora / Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla

2008-2023
15 ANOS
APOIANDO
O TEATRO
AFECCIONADO

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA
Cultura

Máis información en
www.cultura.deputacionlugo.gal

Circuíto de teatro afeccionado 2023

ILUSTRACIÓN DE ÓSCAR VILLAR

Lugo incorpora un Plan de Control Tributario

1.543.202 euros é a cantidade que o Concello de Lugo recadou no 2022 coa taxa de aproveitamento especial do dominio público local polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas.

Un tributo que grava directamente ás distribuidoras de enerxía pola afección que estas compañías ocasionan sobre os bens municipais ou comunais e co que o Concello pretende reforzar os recursos dos que se nutre a Administración local, en prol da consecución dunha fiscalización máis eficiente e xusta para todo o tecido social.

Precisamente, con esta mesma vocación a Xunta de Goberno local aprobou o Plan municipal de Control Tributario que, segundo sinalou o concelleiro de Economía e Recursos Humanos, Pablo Permuy, “pretende ser un instrumento de xestión en materia de aplicación de tributos pero, sobre todo, unha ferramenta para a loita contra a fraude fiscal que faga efectivos os principios de xustiza tributaria polos que toda a cidadanía debe contribuir ao sostemento do gasto pú-

blico de acordo coa súa capacidade económica”.

O edil sinalou que os traballos de inspección estarán dirixidos polos responsables técnicos municipais e “o seu obxectivo será o de contribuir ao incremento da recadación voluntaria, no caso dos tributos de cobro periódico, pero tamén levar a cabo un maior labor de inspección e tramitar os expedientes que xurdan ao abeiro do mesmo”.

O documento, de carácter reservado segundo determina a normativa vixente (Apartado 7 do artigo 170 do Real decreto 1065/2007), será un texto aberto ao que se poidan ir incorporando as informacións que trasladen os propios equipos de inspección e recollerá, entre outros, os criterios sectoriais e territoriais, cuantitativos ou comparativos que servirán para seleccionar ás e aos obrigados tributarios.

O Plan terá unha duración de 12 meses, prorrogable automaticamente, aínda que durante a súa vixencia poderán aprobarse as modificacións que se estimen convenientes.

A veciñanza pode colaborar na elaboración dos orzamentos

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, fixo balance das xuntanzas realizadas nos distintos barrios para recoller as propostas da veciñanza de cara aos orzamentos municipais de 2024. Arroxo afirmou que “nas 3 xuntanzas abertas e a través do correo electrónico recibimos máis de 120 propostas para seguir cambiando Lugo durante o ano 2024”.

Rubén Arroxo explicou que “as veciñas e veciños reclámanos continuar a humanizar as rúas, creando máis zonas peonís, e plantar máis árbores para reducir a temperatura do chan nas xornadas de máis calor durante o verán”. Ademais, o tenente alcalde destacou que moitas das solicitudes consisten en “pequenos arranxos nas distintas rúas da cidade, que se cubrirán a través da Brigada Municipal de Vías e Obras ou de distintas actuacións de maior tamaño”. As concelleiras e concelleiros estudarán a viabilidade das distintas propostas achegadas.

Desde a Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo executouse un plan piloto para elaborar uns orzamentos realmente participativos nos que a



veciñanza forme parte do proceso de toma das decisións que lle afectan directamente, e poida propoñer os traballos a realizar por parte do Concello.

Rubén Arroxo lembrou que este proxecto “é o seguinte paso” do traballo realizado na Tenencia de Alcaldía ao longo do último mandato. Nese período, as distintas áreas realizaban os orzamentos e planificaban as distintas intervencións a través das reclamacións e solicitudes da veciñanza. “Neste novo período continuamos a escoitar a todas as veciñas e veciños para planificar as intervencións das distintas zonas da

cidade”, explicou Arroxo.

Ademais de habilitar un correo electrónico para recibir propostas, as concelleiras e concelleiros mantiveron xuntanzas nos barrios da Piringalla, Fontiñas e Fingoi, abertas á participación de todas as veciñas e veciños de Lugo.

A primeira xuntanza estivo dirixida á veciñanza da zona norte da cidade e continuaron en Fontiñas e Fingoi. Para as persoas que non poidan asistir ás distintas xuntanzas, o Goberno de Lugo habilitou o correo electrónico participacion@lugo.gal, onde se atenderán e responderán todas as solicitudes que se remitan.

Sacan tres novas liñas de axudas

Abriu o prazo para solicitar tres liñas de axudas. O obxectivo do Goberno local é favorecer a mobilidade reducida, cubrir as necesidades de alugueiro de vivenda e contribuir aos gastos operativos do tecido asociativo da cidade no desenvolvemento da súa actividade.

Deste xeito Cohesión Social contri-

búe a mobilidade das persoas con capacidade reducida con achegas por un importe total de 19.000 euros para o mantemento e o uso do taxi adaptado, dotadas con 14.000 e 5.000 euros, respectivamente. Neste último caso, a contía individual das axudas será de 800 euros ao ano e de 1.000 euros para as

persoas empadroadas no rural.

Con estas axudas á mobilidade e ás achegas ao alugueiro, a área de Cohesión Social abre o prazo para optar as subvencións destinadas ao tecido asociativo, que contan con 38.000 euros de orzamento para sufragar tanto as actividades que realizan como a conservación das instalacións nas que as levan a cabo “Esperamos que ás asociacións aproveiten a existencia destes fondos e convidamos a solicitalos para poñer en marcha as súas iniciativas que cumpren un cometido fundamental da nosa veciñanza”, rematou Abelleira.

Á apertura do prazo desta convocatoria súmase a apertura das achegas ao alugueiro. Neste ámbito, o Goberno local optou este ano por aumentar o importe desta liña de axudas para paliar o déficit de vivenda pública en Lugo, onde a Xunta de Galicia non constrúe ningunha vivenda protexida desde o ano 2008, o que implica que a lista de espera para optar a un alugueiro na cidade supere os 1.300 inscritos. En total, o Concello mobilizará neste exercicio 210.000 euros para dar cobertura a estas axudas para as que se inclúe a posibilidade de prórroga da convocatoria por un ano máis, duplicando a consignación económica ao efecto.



A CEL presenta un plan de impulso á transformación tecnolóxica das empresas

A Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) puxo en marcha Generación Digital Pymes, un proxecto financiado con Fondos Next Generation UE que ten como obxectivo final facilitar a transformación dixital das pemes.

Generación Digital Pymes é un programa de formación en dixitalización híbrido, online e presencial, especificamente deseñado para directivos. Os seus impulsores explican que forma parte do “programa máis ambicioso de transformación empresarial da historia do país”, para o que se

aposta primeiro pola transformación dixital das pemes, nas que resulta imprescindible formar primeiro aos seus directivos, que estes “teñan unha cultura dixital ampla” que lles permita entender os retos desta nova realidade.

Así, a través de Generación Digital Pymes formarase a 1.300 directivos soamente en Galicia para que estean preparados para a seguinte fase de transformación dixital, na que se dotará ás empresas de axudas directas para implementar novas estratexias e procesos tecnolóxicos.

CAFÉ BAR ALONDRA

Desayunos a partir de las 8 de la mañana, cafés, infusiones, té, vinos de cosecha, bocadillos y minibocadillos, raciones, platos combinados, hamburguesas, pernilos, revueltos, ensaladas, sandwiches y postres. Realizamos comidas por encargo y para llevar.

HORARIO: DE MIÉRCOLES A DOMINGO DESDE LAS 8:00H DE LA MAÑANA

Laverca, 1 Bajo - 27003 - Lugo / Tel.: 982 216 686 www.facebook.com/alondra

“Os nosos produtos caracterízanse pola calidade e o deseño”

José Villamor é o xerente da moblería familiar do mesmo nome

Muebles Villamor é unha empresa familiar con ampla experiencia no sector do moble. Falamos con José Villamor para coñecer un pouco máis

Cando e como nace Muebles Villamor?

Muebles Villamor é unha empresa familiar que nace da man do meu avó e do meu pai. Comeza como unha empresa ligada ao sector da madeira e unha vez vinculados co sector deciden abrir tamén un negocio de moble. Continuamos sendo unha empresa familiar dende hai xa corenta anos.

Que tipo de produtos se poden atopar?

En Muebles Villamor traballamos con todo o relacionado co mundo do amoblamento dende xuvenil ata dormitorios e salóns, e tamén traballamos con cocinas e baños. Ademais temos unha parte dedicada exclusivamente ao descanso onde se poden atopar sofás e colchóns.

Que caracteriza aos seus produtos?

Os nosos produtos caracterízanse principalmente pola calidade e o deseño. Traballamos moito por estar

ao día en novidades nun sector que está moi ligado ao deseño e no que se move todo moi rápido. Buscamos estar sempre ao día das novas tendencias internacionais en canto ao deseño e en traballar coas mellores casas e marcas, tanto nacionais como internacionais, que contan con multitude de referencias de calidade.

Cales son os valores que definen a súa empresa?

A calidade do servizo, tanto na atención nas nosas instalacións como o servizo de montaxe que ofrecemos aos nosos clientes. Non se trata só de vender mobles, contamos cun equipo de técnicos, interioristas e carpinteiros propios que traballan

de forma conxunta para ofrecer un bo deseño e aconsellar as mellores opcións en proxectos de decoración e interiorismo para os nosos clientes. Tamén estamos constantemente informados e actualizados sobre as novidades, acudindo a feiras para coñecer novos produtos e tendencias, pero tamén en todo o correspondente ás novas tecnoloxías traballando sempre cos mellores programas para amosar aos clientes os futuros resultados. Para nós é moi importante traballar de maneira adecuada nos momentos previos á propia instalación física do moble para ofrecer un servizo completo e de calidade. Este traballo de asesoramento non se realiza só naqueles proxectos de interiorismo ou deseño senón que buscamos sempre a mellor opción para cada cliente, aínda que veña só a buscar unha estantería.

Realizan algún outro traballo?

Si, dentro de Muebles Villamor tamén realizamos traballos de carpintería con mobles a medida.

Onde podemos atopar Muebles Villamor?

Estamos situados na Estrada da Coaña, 132, e contamos cunha gran



exposición de mobles. Isto permítenos ter produto en stock, actualizado, coa vantaxe de que si alguén precisa algo concreto pode vir a nosa tenda e levalo de forma inmediata.

Outra das vantaxes de contar cunha gran exposición é a posibilidade de ver máis acabados e diferentes ambientes para que os clientes podan realizar unha mellor elección.

Que é o que mais valoran os clientes?

Principalmente a calidade do pro-

duto e a atención moi personalizada a cada cliente. Cando chega ás nosas instalacións recibe un servizo único adaptado ás súas necesidades.

Teñen algunha oferta na actualidade?

Si, contamos cunha oferta con descontos especiais por renovación de existencias, ata finais de ano estarán dispoñibles nas nosas instalacións descontos en produtos atemporais e de moi boa calidade.

EXPOSICIÓN
**A
NOSA
ARTE**
Colección do Parlamento de Galicia

LUGO
DO 9 DE NOVEMBRO DE 2023
AO 27 DE XANEIRO DE 2024
SEDE AFUNDACIÓN
Praza Maior, 16

Horario:
Luns a sábado de 17.30 h a 20.30 h.
Domingos e festivos pechado



O Pazo de Feiras acolleu unha multitudinaria festa polo Día do Veciño



A 21ª edición do Día do Veciño, organizada pola Federación de Asociacións de Veciños de Lugo no Pazo de Feiras e Congresos da cidade lucense, reuniu arredor de 5.000 persoas de diferentes entidades e colectivos da provincia nunha xornada na que se pon en valor o asociacionismo existente.

O Día do Veciño é una celebración realizada cada ano co obxectivo de premiar, recoñecer e homenaxear a persoas da cidade que destacan pola súa colaboración no movemento veciñal e na dinamización e promoción da comarca e provincia. Tamén serve para consumir e potenciar os produtos locais. A comida de confraternidade elabórase con alimentos de proximidade e no recinto colócanse postos de artesanía e gastronomía de produtores lucenses e galegos.

No acto, fixéronse entrega dos 25 premios V de veciño, encontrando entre os premiados ao Presidente da Confederación Estatal de Asocia-

cións Veciñais, Julio Molina Barthe, os deputados provinciais, Marisol Morandeira e Pablo Rivera, o Tenente Coronel Xefe da Comandancia de Lugo, Julio González Chas, ou o director do Centro Penitenciario de Bonxe, José Manuel Pernás; así como as filloeiras de Muimenta. O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou a importancia das asociacións veciñais como un dos piares vertebradores da sociedade, sendo un dos "principais promotores da aposta por produtos autóctonos e exemplo de unión entre os municipios".

José Tomé Roca renovou o compromiso de traballo da Deputación de Lugo "e seguir construíndo así o mellor futuro para a provincia". "A veciñanza é precisamente para quen traballamos cada día dende a institución da man dos Concellos, para conseguir máis e mellores servizos, prestacións e infraestruturas, sobre todo no rural e que a xente non se siga marchando", explicou.

Besteiro será o candidato do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia

O deputado socialista no Congreso pola provincia de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, vén de ser proclamado de maneira provisional como candidato do PSdeG-PSOE á presidencia da Xunta de Galicia ao ser o único dos aspirantes ás primarias que aporta os avais requiridos para concorrer a este proceso.

O equipo de Gómez Besteiro fixo entrega este mércores do máximo de avais permitidos, un total de 1.024 sinaturas, mentres que o precandidato Manuel Losada Fernández non pasou o corte ao non reunir o mínimo dos avais establecidos, que eran 615, equivalentes ao 6% da militancia que ten o PSOE en Galicia.

Deste xeito, a Comisión Nacional de Ética do PSdeG vén de proclamar de maneira provisional a José Ramón Gómez Besteiro como candidato á presidencia da Xunta nas próximas eleccións autonómicas. En caso de que non houbera reclamacións, a proclamación definitiva do candidato producirase transcorridas 24 ho-



ras do remato do proceso.

Besteiro agradeceu a confianza dos case 3.000 militantes que lle apoiaron: "A falta de dúas horas e media para que termine o prazo, quixen entregar persoalmente os avais, xunto con outros compañeiros e compañeiras, porque creo que é unha forma de demostrar o meu agradecemento aos preto de 3.000 militantes que me trasladaron a súa confianza". José Ramón Gómez Besteiro chegaba á sede socialista ás 12.30 do mediodía, acompañado por varios

militantes, onde fixo entrega das carpetas con centos de avais -faltan os votos telemáticos- e ante os medios insistiu no "proceso enriquecedor e exemplo de democracia interna que son as Primarias do Partido Socialista que, a ninguén se lle esqueza, empezaron en Galicia en 2013".

O deputado galego declarou "sentirse abrumado" polas mostras de agarimo recibidas nas agrupacións e insistiu na confianza das e dos compañeiros "porque o aval é unha declaración pública de apoio".

Crean unha rede de voluntariado

O Concello impulsa unha rede municipal de voluntariado. O obxectivo desta iniciativa, que se retoma tras paralizarse como consecuencia da crise sanitaria causada pola covid-19, é dinamizar a acción social e reforzar o traballo dos colectivos a nivel local.

Benestar iniciará unha rolda de contactos co tecido asociativo para coñecer as súas necesidades neste eido e recoller suxestións. "O

proxecto atópase bastante avanzado. De feito, a nosa idea era establecer esta rede para que fora efectiva no mandato pasado, pero a situación derivada da pandemia, sumado ao carácter deste tipo de voluntariado, obrigounos a esperar a que as campañas de vacinación rebaixaran a incidencia do virus para poñelo en marcha e evitar así posibles contaxios en colectivos especialmente vulnerables xa que

a totalidade do tecido asociativo asistencial viuse obrigado a cumprir medidas de seguridade.

Esta ferramenta permitirá á Administración local poñer en contacto ás persoas interesadas en realizar un voluntariado concreto coas asociacións que levan a cabo ese labor asistencial. Aposta por un modelo flexible onde o compromiso se adapte ás posibilidades de cada persoa en cada momento.



proyecto

construcción

reforma

interiorismo



PROYECTOS CONSTRUCTIVOS RÍO MIÑO S.L.
Estrada Coruña 132 -27003 Lugo www.occhipelle.com

occhipelle@gmail.com telf: 609 80 26 48



Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

A Valedora do Pobo admite a trámite a queixa contra Tomé

A Valedora do Pobo admitiu a trámite o escrito de queixa por parte dos deputados do Grupo Provincial Popular pedindo amparo para facer valer os seus dereitos ante o que consideran un "veto incomprendible" por parte do goberno da Deputación e do seu presidente, José Tomé, á entrada dos deputados populares en dependencias que son titularidade da institución provincial.

A Valedora do Pobo entende que reúne os requisitos formais e xa iniciou as actuacións ante a Deputación de Lugo requiríndolle información sobre o motivo a queixa.

“Un dos proxectos máis próximos é crear un cemiterio de animais”

Cristina López, concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza

Este ano celébrase o 75 aniversario do cemiterio de Lugo. Pode contar-nos un pouco os cambios que se produciron nestes anos?

Dende a nosa chegada ao goberno do Concello de Lugo realizamos numerosos cambios. Entre eles, fixemos a primeira ampliación dende o 2006 coa que se crearon novos espazos atendendo ás demandas existentes e contando coa necesaria dispoñibilidade de sitio para o futuro. Tamén apostamos por unha programación activa durante o ano e para todo tipo de idades co fin de achegar o noso patrimonio artístico, arquitectónico e histórico, cheo de cultura e historia, a toda a veciñanza de Lugo. Neste sentido, inauguramos un espazo expositivo permanente que acolle mostras que apostan por temas fundamentais como pode ser a recuperación da memoria histórica da cidade a través dunha mirada que visibilice as prácticas funerarias. Outro dos cambios máis recentes foi a creación dun espazo reservado para o dó perinatal, unha temática dura moi silenciada e que debe ser visibilizada.

Actualmente cal é a súa capacidade? Hai dispoñibilidade?

Dende a última ampliación, o cemiterio conta con 407 novos nichos, 140 columbarios e 23 criptas a maiores das que xa había. Na actualidade, debido a este reforzo, non existe ningún tipo de problema por falla de espazo. **Neste 75 aniversario estase a facer unha programación especial?** Con motivo do 75 aniversario, dende a concellería de Participación preparamos un programa especial e extenso para dar a coñecer a historia do Cemiterio de Lugo. As actividades comezaron xusto o primeiro día coa apertura dunha exposición fotográfi-



ca que, a través de 75 imaxes, recollen a historia do Cemiterio Municipal de San Froilán, cos eventos e lembranzas de todos os anos de servizo desta instalación. Ademais, dende ese día ofrecemos visitas teatrais guiadas e actividades de todo tipo para todas

“As visitas teatralizadas son a actividade máis pedida e con máis éxito das que organizamos”

as idades que se estenderán durante todo o ano. Precisamente esta variedade de actividades fixeron que o cemiterio de Lugo fose incluído na Ruta de Cemiterios Históricos Europeos. **Recentemente creouse un espazo perinatal. Podería explicarnos como xurdiu a idea?**

Ata hai moi pouco tempo o dó ante un falecemento perinatal era totalmente invisibilizado, non recoñecido polos profesionais e aínda menos pola sociedade. Por sorte, cada vez son máis os que recomendan e consi-

deran fundamental ofrecer algún tipo de atención psicolóxica ás persoas afectadas. Tal e como indican as e os profesionais na materia, dentro dese dó, ter un lugar onde recordar é unha axuda imprescindible para o entorno familiar durante o proceso de superación. É necesario visibilizar a dor dunha morte xestante, unha temática dura moi silenciada e que debe ser visibilizada.

Tamén son unha novidade recente as visitas teatralizadas. Teñen éxito? En que consisten?

As visitas teatralizadas son a actividade máis pedida e con máis éxito de todas as que organizamos. Cando sacamos as entradas sempre se esgotan ao pouco tempo. Ese éxito débese, case seguro, a que a encargada de realizar estes paseos é a compañía de teatro Achádego, un grupo xa histórico en Lugo e que conta cunha traxectoria envidiable. Nestas rutas, os e as artistas da compañía reencárnanse nalgunhas das principais figuras da nosa cidade para guiar ás persoas asistentes a través da historia e tradición de Lugo.

Tamén foi recoñecido con algún premio pola súa beleza. Podería explicarnos como foi isto?

O cemiterio foi incluído na lista de

camposantos máis bonitos do mundo creada pola revista National Geographic. Este recoñecemento foi dado grazas á beleza e á mestura de estilos das súas construcións funerarias, destacando sobre todo o mausoleo neogótico do século XIX, xoias da nosa historia que dende o Goberno de Lugo sempre preservamos. O Cemiterio de Lugo é coñecido e recoñecido a nivel estatal, este ano tiveron o privilexio de estar presente en varias mostras, en diferentes cidades, para explicar o noso proxecto.

A nivel infraestrutura fixéronse varias melloras. En que consistiron?

A mellora máis importante foi a realizada durante a ampliación ao incluír un novo sistema de recollida de lixiviados. Trátase de filtros de carbón activado e depósitos de sosa cáustica que permiten neutralizar os residuos orgánicos e controlar as emisións deste tipo de substancias á rede pluvial do Cemiterio.

Que proxectos hai para este lugar?

Un dos proxectos máis próximos é crear o primeiro cemiterio municipal de animais de compañía en Galicia. Levamos varios meses traballando e informándonos sobre o tema para actuar do xeito máis correcto. Habilitaremos un espazo para que as persoas propietarias poidan depositar as cinzas dos seus animais e así teñan un sitio onde recordalos. O cemiterio de mascotas crearase nunha parcela propiedade do Concello que se atopa anexa ao camposanto municipal, xusto na entrada posterior.

Que problemas ou carencias ten?

Dende que chegamos ao Goberno traballamos de xeito continuo na mellora do cemiterio de Lugo. Así o deixamos ver coa ampliación dun cadro de persoal amplo, coa mellora de todos os accesos, así como da comunicación vía bus urbano co centro e barrios da cidade. Con todo, estamos sempre ao servizo da veciñanza nun contacto sempre aberto e dispostos a escoitar calquera petición, malestar ou aportación que axude a mellorar un espazo que é de todas e todos os veciños de Lugo.


O Goberno central investiu 447.805 euros no programa de axuda alimentaria

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, visitou a nave de Cruz Vermella do Polígono das Gándaras e o almacén do Banco de Alimentos para comprobar o desenvolvemento da última fase do Programa 2023 de axuda alimentaria ás persoas máis desfavorecidas, que pon en marcha o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a través do Fondo Español de Garantía Agraria. Alí destacou o compromiso que está a realizar o Goberno con preto de 8.263 lucenses, destinando a este programa 250.994 quilos de alimentos a través dun investimento de 447.805 euros. Para o conxunto da sociedade española entregáranse 36 millóns de quilos de alimentos cun valor de 88,5 millóns de euros nesta última fase.

Isabel Rodríguez informou que con esta segunda e última fase do programa do 2023 “afianzamos un dos moitos compromisos que ten o Goberno coa sociedade axudando a moitas persoas e familias con situacións adversas tras as diversas situacións que estivemos a vivir, como foi a crise do covid”.

A subdelegada comprobou que o traballo de almacenamento e distribución se estea a realizar de forma correcta para que as organizacións colaboradoras se encarguen de trasladar os produtos á cidadanía, destacando que “son clave para que campañas como esta se desenvolvan de forma correcta e chegue a quen que o necesite”.

Entre os produtos que se entregan hai alimentos duradeiros e pouco perecedoiros como son o arroz, garavanzos cocidos, fabas cocidas, atún en conserva, conserva de sardiña, conserva de carne, pasta, tomate frito, galletas, macedonia de verduras, froita en conserva, cacao soluble e tarriños infantís de froita.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

O Concello reactiva a Liña Verde para a comunicación das incidencias

A nova Liña Verde do Concello de Lugo se atopa novamente operativa. Baixo o nome de BitPayt, Lugo Verde nas Túas Mans a área de Transición Ecolóxica vén de reactivar a nova aplicación logo da transición obrigada desta prestación á nova concesionaria do servizo de limpeza municipal.

“A implantación de Luce Lugo contemplaba nos pregos da licitación o desenvolvemento deste programa de comunicación directa coa cidadanía polo que foi necesario renova-la e actualizala – traballos que se acometeron no último mes e medio – para permitir que poida sincronizarse coa páxina web do servizo municipal, propiciando o intercambio de información entre os dous soportes”, indicou Miguel Fernández.

BitPayt, Lugo Verde nas Túas Mans ten por vocación fomentar a participación da poboación poñendo o uso das novas tecnoloxías ao servizo da veciñanza. A través desta App, sinxela e moi intuitiva no seu manexo, os e as lucenses dispoñen novamente dunha canle directa co Concello para informar de xeito inmediato de todas aquelas incidencias que gardan relación co mantemento das dotacións públicas da cidade.

Así, as persoas usuarias que queiran empregala só terán que descargala e rexistrarse nela de xeito gratuito para comezar a utilizala.

Miguel Fernández sinalou que un equipo de expertos atenderá con celeridade e dará resposta a todas esas notificacións para darlles non só solución, senón que tamén informará á ou ao interlocutor de como avanza a tramitación das mesmas. “De maneira que todas esas comunicacións activas quedarán ancoradas na páxina principal para favorecer o seu seguimento”.

“A prioridade é a accesibilidade das persoas con discapacidade”

Nuria Neira é actualmente a delegada da asociación Auxilia Lugo

Como nace a asociación Auxilia Lugo?

Auxilia Lugo nace no ano 1972 da man do padre Mato, e aí dá comezo a labor de Auxilia para dar visibilidade ás persoas con discapacidade. Nos primeiros momentos e coa colaboración de voluntarios recorrían as casas e ofrecían axuda ás persoas con algún tipo de discapacidade como traballo de escolarización, axuda á accesibilidade e en todo o que necesitaban ademais de dar visibilidade a este colectivo.

Cal é a finalidade da asociación e cales son os seus obxectivos principais?

A nosa prioridade é a accesibilidade, porque sen accesibilidade non se pode ter acceso á cultura, non se pode desfrutar do ocio, acudir aos postos de traballo ou ir a un edificio público a realizar algunha xestión. A accesibilidade para poder desfrutar como calquera outra persoa de ocio, cultura, estudos ou traballo, esa é a nosa prioridade, que todo o mundo teña acceso a todo. Tamén traballamos con mulleres do rural porque sabemos que neste ámbito é un pouco máis complicado poder acceder ao transporte.

Cales son os principais problemas de accesibilidade que ten Lugo na actualidade?

Lugo gañou moito en accesibilidade en todos estes anos de traballo de Auxilia e agora mesmo estamos loitando por un problema co edificio de sindicatos. Unha cidadá púxose en contacto con nós para informar que durante as eleccións, a súa mesa electoral estaba situada neste edificio, non puido acceder dado que o montacargas atopábase en desuso e tivo que votar na rúa. A raíz disto



nós puxémonos en contacto coa administración competente para poder saldar esta problemática antes das eleccións xerais e porque todos os edificios públicos deben ser accesibles para os usuarios. Este problema está aínda sen solucionar e continuamos traballando para que o resolvan á menor brevidade posible porque supón un grave problema de discriminación. Tamén seguimos traballando en ver os diferentes puntos da cidade que aínda se poden mellorar a nivel de accesibilidade, é verdade que se mellorou moito en Lugo, pero aínda queda traballo.

Como é ese proceso de resolver problemas de accesibilidade dentro da cidade?

Alguén ponse en contacto con nós para facernos chegar algún problema e nós acercámonos a avalialo e poñémosnos en contacto coa administración necesaria. Ademais participamos do gabinete de accesibilidade que se realiza cada tres meses onde nos reunimos coa concelleira e persoal de urbanismo para por en común estes problemas e así teñan constancia e se traballen neles. Desde aquí saen moitos proxectos e é unha maneira que ten a administración de coñecer a problemática da man das persoas afectadas.

En canto ao rural, cales son os principais problemas?

No rural as principais carencias que nos chegan son relacionadas co transporte, a miúdo as persoas con discapacidade que queren acceder a Lugo ou a outros lugares atópanse con dificultades, cada vez hai menos transporte e o que hai non está adaptado. Nós realizamos a campaña *Eu quero ir* para visibilizar esta problemática acudindo á estación de autobuses, e a maioría das veces atopábase para que unha persoa con discapacidade puidera viaxar era necesario avisar con antelación. Isto é moi inxusto porque en calquera momento todos podemos necesitar realizar unha viaxe de forma imprevista.

Cantos socios teñen na actualidade?

Actualmente Auxilia conta con cen socios. Para calquera xestión, dúbida ou queixa que se precise realizar non fai falta ser socio da entidade e simplemente poden achegarse e nós intentamos axudar en todo o posible.

Como se pode colaborar coa asociación?

O que máis demandamos son voluntarios, todos os meses realizamos unha actividade e para as que son fóra como equinoterapia, mergullo



adaptado ou pesca son moi importantes os voluntarios xa que sin a súa axuda non poderíamos acceder e chegar a moitos sitios.

Cales son as próximas actividades?

O mes pasado realizamos a nosa tradicional comida e o mes que vén estamos preparando unhas xornadas enfocadas aos monumentos que non son accesibles. En decembro estamos traballando para realizar o Divesiarte, o mercadillo solidario, e xa estamos preparando as diferentes cousas que despois estarán a venda. Ademais todos os luns facemos terapia de estimulación cognitiva cun grupo de socios levado a cabo pola

A asociación Auxilia Lugo está dirixida a todas aquelas persoas que teñan algún tipo de discapacidade física e ás súas familias

nosa psicóloga. Se alguén quere acudir a algunha das nosas actividades non esiximos que sexan socios, os nosos socios non pagan cota, polo tanto si unha persoa con algunha discapacidade quere acudir non se lle pon problema sempre que haxa oco.

O PP pide a reposición dos desfibriladores nos espazos públicos

Aproveitando a celebración do Día Mundial da Parada Cardíaca, o PP pide a reposición e revisión urxente dos desfibriladores que desaparecieron de espazos públicos de Lugo. Trátase dos desfibriladores da avenida da Coruña, nas inmediacións da rúa San Lorenzo, así como o que hai na praza de Augas Férreas e na rúa Divina Pastora e que levan sen dispositivos e desmantelados dende hai como mínimo 7 meses.

Para os populares de nada vale publicitar que estamos nunha cidade cardiosaudable cando o bipartito é incapaz de ter en bo funcionamento os desfibriladores de zonas públicas.



PALESTINA. Diversas organizacións manifestáronse a prol do pobo Palestino baixo o lema Paremos o xenocidio na Palestina. Á convocatoria acudiron diversas organizacións ademais da plataforma convocante, tamén estiveron presentes persoas a nivel individual que apoiaron a demanda.



OBRAS Y REFORMAS
JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo




Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

Conversa con María Castro Álvarez, traballadora social da Casa da Muller

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Cada 25 de novembro celébrase o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Estamos a falar con María Castro Álvarez, traballadora social da Casa da Muller do Concello.

É preocupame o dato de que o número de mulleres vítimas de violencia de xénero aumentou un 8,3% en 2022, que está a pasar?

Cando falamos de violencia de xénero non podemos esquecer que é un fenómeno moi complexo e que non se acaba cunha receita máxica. A Lei integral 1/2004 a define como “todo acto de violencia física e psicolóxica, incluíndo as agresións á liberdade sexual, ameazas, coaccións ou privación arbitraria de liberdade”. E existe porque temos unha sociedade desigual e patriarcal onde as relacións de poder son asimétricas en canto a posición que ocupamos os homes e as mulleres. E somos as mulleres as que historicamente estivemos relegadas a unha posición secundaria. A existencia da situación de poder que representa o patriarcado é necesaria para exercer o control sobre as mulleres e manter as situacións de discriminación. Fundaméntase, polo tanto, nunha base social na que as mulleres temos que desenvolver o rol feminino, estereotipado e determinado pola sociedade. Que formemos unha familia, que teñamos fillos, que coidemos... E na medida que non respondamos ás expectativas xeradas serve para xustificar as distintas formas de violencia: ter unha vida social allea ao cónxuxe; priorizar o laboral sobre o familiar ou non responder ás súas necesidades. No ámbito social, as mulleres, aínda, nos queda moito espazo que ocupar. As nosas decisións, as nosas opinións non teñen o peso específico que teñen as dos homes. E os micromachismos son continuos e normalizados, como cando imos pola rúa e escoitamos dun home “mira que

guapa!”; ou alguén nos toca un peito ao subir a un autobús. Ou se estamos soas nun bar pola noite e invaden o noso espazo persoal. Por iso, hai tantas críticas á lei do Si é si porque moita xente se sinte reflectida nun espello xa que se está poñendo en evidencia comportamentos que están normalizados e que son en contra das mulleres. E sempre que hai avances para adiante, xurde un sector que se sinte atacado. No seu conxunto a violencia de xénero que existe na sociedade vai en relación cos niveis de desigualdade existentes entre homes e mulleres e co nivel de concienciación social sobre esas desigualdades de poder. Por iso, o incremento dos casos é ata certo punto lóxico. Cada vez hai máis información e máis concienciación pero a sociedade segue sendo moi desigual.

Como afecta a desigualdade?

Principalmente de dúas formas: unha se nos priva de desenvolvernos en todos os aspectos da vida: no persoal, no laboral, no social... e dúas se nos cosifica e se nos hipersexualiza a nosa identidade. Con respecto ás relacións de parella na medida que isto ocorre na esfera privada, diminúe a conciencia social para acabar con esta lacra. Ata a lei 1/2004 non se consideraba un delito público e non foi ata o crime de Ana Orantes (1997) cando se empezaron a contabilizar os asasinatos de mulleres por parte das parellas e ex-parellas como violencia de xénero. Casos sempre houbo, pero daquela, non se nomeaban e tampouco se contabilizaban xa que o que non se nomea non existe. Se ademais a violencia ocorre dentro do ámbito doméstico non se visibiliza. No momento no que se empezou a visibilizar, somos conscientes de que hai unha lacra social pola que moitas mulleres foron e son asasinadas. A escusa de que ocorre nun ámbito privado xa deixa de servir. Porén hai moi pouca conciencia social porque tardouse moito tempo en tratar de sacalo fóra.

O silencio a quen beneficia?

Como vimos no caso de Jenni Hermoso, as mulleres cando visibilizan determinados feitos atópanse con semellantes atrancos e reaccións dunha parte

da opinión pública que te obrigan a pensar moito en dicilo. Por suposto que o silencio perxudica, pero trasladarlle á vítima a responsabilidade da súa visibilización cando é a sociedade quen debe de facelo resulta moi inxusto. Trátase dun problema que pode afectar a calquer muller. Eu non coñezo a ningunha, nin profesional nin persoalmente, que non fora vítima dalgún tipo de violencia de xénero. Moitas fomos vítimas dunha violencia invisible, por exemplo, cando nos desprezan ao falar de temas considerados masculinos.

E por outra banda, percibo certa infantilización das mulleres, certo?

Sempre estivemos “tuteladas” ao longo da vida. Non tiñamos unha identidade propia, éramos fillas de, mulleres de, nais de... Entón na medida na que nos centramos no que queremos nós, deixaremos de lado o que os demais queren de nós. Cada Unha ten que empoderarse, realizar o seu propio proxecto vital, fomentar a súa autonomía, a súa capacidade de decisión e o seu dereito a equivocarse. Por iso, para min as mulleres maltratadas, ademais de ser vítimas, as que saen deixan de selo para converterse en superviventes porque pasan a controlar a súa vida que é o máis importante. Polo tanto, as mulleres deixaremos de ser vítimas de violencia de xénero cando sexamos donas da nosa vida. Cada muller é un patrimonio único. Para iso é fundamental ter autonomía económica e tamén, autonomía emocional, é dicir, o feito de non centrar o noso ben estar noutra persoa. A vida pode estar chea sen ter parella, sen ter fillos... circunstancias moi sobrevaloradas. Que haxa libre elección sen ter que renunciar a outras cousas. Xa está ben do mito do amor romántico fundamentado na idea de que o amor todo o pode! É falso.

Un estudio da Fundación ANAR’ revela que a violencia de xénero entre adolescentes creceu un 87,2%. Hai suficiente educación sexual?

É que non hai ningunha, non existe. Hoxe en día, as nenas e os nenos edúcanse nas redes sociais. A falta de conciencia dos nenos de que están facendo dano é tremenda. Poden acce-



der facilmente ao porno, normalizando conductas moi violentas. Polo tanto, as familias, pais e nais, e a escola deben implicarse moito máis na educación sexual. Pero tamén ten que haber políticas e medidas preventivas, cunha pedagogía determinada que falen de educación en igualdade, de respecto entre iguais... Por iso, as leis coma a do Si é si serven para previr porque, independentemente á duración das penas, eu coma muller quero sentirme segura, libre, non ter medo a ir pola rúa de noite. Quero que se deseñen cidades que teñan en conta isto, que sexan un entorno seguro con máis iluminación, con máis policía que patrullen, que haxan máis puntos violeta como lugares de referencia para obter atención e información... É moi importante investir nestas cousas para concienciar á poboación.

Non téis a impresión de que estamos a vivir certa involución?

É que o machismo sae como sae porque se decata de que se están dando pasos fóra do seu control. O Feminismo é o movemento social máis importante xa que visibiliza a desigualdade da metade da poboación. E os poderes públicos interveñen na medida en que hai presión social.

Que demandarías como Traballadora Social?

Que nos servizos sociais temos que poñernos as pilas e dar pasos adiante, máis alá como o feito de buscar a auto-

nomía persoal e económica das mulleres. E aquí desexo facer fincapé en que as axudas sociais ás mulleres vítimas teñen que fomentala non supeditala aos ingresos da actual parella.

Ti que levas traballando máis de vinte anos na Casa da Muller, cales son para ti as medidas máis importantes que se levaron a cabo?

A nivel xeral destaco o avance lexislativo que se iniciou coa Ley 27/2003 que regula a Orde de Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Cando comecei, no 2000, só había casas de acollida. Eu non son defensora deste recurso, agás casos puntuais. Pero coa a Orden de Protección, pódese determinar xudicialmente que a muller cos seus fillos se queden na súa vivenda, na súa contorna. Pasamos de institucionalizar ás mulleres, a que continúen coa súa vida. E logo a Lei 1/2004 que contempla a tutela xudicial e que a violencia de xénero sexa perseguible de oficio por parte dos operadores policiais e xudiciais, levando cabo investigacións. A imposición da creación dos Xulgados de Violencia de Xénero é un aspecto moi importante da lei aínda que en Lugo non temos e que é unha carencia importante. Por último, as Leis de Igualdade Estatal e Autonómica e os plans de igualdade de oportunidades tamén son fundamentais para loitar contra a discriminación, o machismo e a desigualdade.



LAZO ROSA. Lugo contou cunha serie de actos con motivo do Día Mundial contra o Cancro de Mama organizado pola Asociación Española contra o Cancro (AECC). Houbo un acto institucional na Praza Maior e o colexio Franciscanos de Lugo fixo un lazo humano con camisetas rosas. Ademais, leváronse flores á muralla durante toda a mañá e fíxose un acto floral nos xardíns da Mosqueira.

RECOÑECIMENTO Á MULLER RURAL NO MERCADO MUNICIPAL

O Concello realizou un recoñecemento a todas as mulleres que forman parte do rexistro do Mercado Tradicional. A concelleira Cristina López destacou “o importante papel de todas estas mulleres ao longo dos anos, contribuíndo a que a Praza e o Mercado sexan actualmente espazos cunha especial importancia para as veciñas e veciños de Lugo”. O mercado tradicional está integrado practicamente só por mulleres, e permite desfrutar de produtos naturais.



Continúa a folga da limpeza con concentracións e protestas

Traballadoras e traballadores da limpeza de Lugo continúan a súa folga indefinida en demanda dun convenio colectivo digno con numerosas concentracións ante distintos organismos. Unha das máis chamante foi na praza Maior diante do Concello, onde realizaron unha *performance* reivindicativa que consistiu nunha 'colgada' dunha das súas ferramentas de traballo máis simbólicas: a fregona. Tamén ocuparon, ata que foron desaloxadas pola Policía, a sede Eulen.

"Trátase dunha folga máis que xustificada pola falta de avances na negociación e a miserenta oferta presentada pola patronal, xa que suporía deixar ás traballadoras na total precariedade", din os convocantes. O paro afecta a todas as traballadoras e traballadores regulados polo



convenio provincial de limpeza de edificios e locais (unhas 1800 persoas) que prestan servizos en comunidades de propietarios, domicilios particulares, centros de saúde, residencias, centros de día, centros educativos, instalacións deportivas, museos, estacións de autobuses, bibliotecas, industrias de toda índole, almacéns loxísticos, supermer-

cados, centros comerciais, oficinas bancarias ou dependencias policiais e de bombeiros. Non está chamado á folga o persoal dos servizos de limpeza dos hospitais públicos, a universidade ou as dependencias da Xunta que teñen convenio propio, así como o persoal das empresas do sector que contan con convenio de seu.

Presentado o concurso de tapas

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou xunto co presidente da Asociación Provincial de Empresarios da Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), Cheché Real, a XVIII edición do Concurso de Tapas de Lugo, que terá lugar entre o 3 e o 19 de novembro.

Nestas dúas semanas os locais participantes ofertarán as súas tapas a todas as persoas que o desexen, que exercerán de xurado popular para escoller a tapa gañadora do concurso e as 12 finalistas. Un xurado profesional outorgará premios entre os finalistas.

As persoas que o desexen, poderán votar as distintas tapas mediante un cupón de votación individual,



que deberá ir selado polos establecementos participantes. Cada tapa poderá ser puntuada cunha nota do 1 ao 5. Todos os cupóns presentados participarán no sorteo de distintos premios, os cupóns participantes cun mínimo de 10 establecemen-

tos visitados, participarán no sorteo dunha escapada gastro-relax para dúas persoas no Hotel Pazo Los Escudos, de Vigo, e os selados por 20 establecementos participarán no sorteo dunha viaxe dunha semana para dúas persoas a Ámsterdam.

No San Froilán o bus urbano bateu un récord

O tenente alcalde, Rubén Arroxo fixo balance sobre os usuarios do bus urbano nos últimos meses. Arroxo afirmou que "nestes meses o número de usuarios do transporte público non deixou de aumentar, e o mes de setembro de 2023, foi o mellor mes de setembro rexistrado en todo o século XXI". Arroxo, concelleiro responsable do transporte público explicou que o San Froilán 2023 "foi un verdadeiro récord en canto a usuarios do transporte público, rexistrando días con máis de 9.000, case 2.300 máis por día que no San Froilán 2022. "Isto non só demostra o éxito das festas, senón que tamén demostra que a veci-

ñanza de Lugo está apostando polo bus urbano como medio de transporte habitual", dixo Rubén Arroxo. Para o tenente alcalde, existen varios factores que propician o uso do bus urbano por parte da veciñanza. Arroxo afirmou que "ao aumento da concienciación sobre a situación medioambiental súmase o aforro que supón o bus urbano con respecto ao vehículo privado, e a comodidade que supón as frecuencias actuais e non ter que buscar un sitio no que estacionar".

"Lugo ten o transporte máis barato das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais de provincia do estado", explicou Arroxo.



Veciños da Milagrosa piden máis seguridade

O Partido Popular mantivo unha reunión coa veciñanza da Milagrosa na que a seguridade foi o principal tema a tratar. Os residentes do barrio, ademais de explicar que "a prevención é a mellor política para aplicar no eido da seguridade" tamén incidiron en que neste barrio onde hai un parque inmobiliario moi deteriorado "é necesaria a rehabilitación dos edificios

e espazos públicos así como o impulso dun plan de dinamización para o comercio de proximidade".

Outra petición que se enmarca dentro dos dispositivos de seguridade en barrios sería a da instalación de cámaras de videovixilancia en zonas sensibles do municipio como podería ser algunha localización do barrio da Milagrosa.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Reabrirá con horario reducido o centro de saúde de Nadela



O centro de saúde de Nadela volverá a funcionar con consultas tres días á semana catro horas ao día. Así o confirmou o Sergas logo das protestas orixinadas.

Segundo explicaron o centro abrirá a consulta catro horas, os luns, mércores e venres, e contará con servizo de enfermaría os cinco días en horario de 8.00 a 15.00 horas. Ademais o centro contará con atención especial en procesos crónicos e unha enfermeira especialista en medicina familiar. Esta comunicación realizouse logo das manifestacións da Plataforma en Defensa da Sanidade e especialidades do Hula, que anunciou que “chegou de forma non oficial, información de que a Consellaría de Sanidade e o Sergas pretenden pechar ou recortar servizos no Centro de Saúde de Nadela (que presta servizos tanto a Nadela como aos pobos limítrofes, atendido ata o de agora por Bernardino Pardo Teijeiro e un equipo de ATS, ata a súa xubilación)”.

Esta Plataforma fixo chegar ao

conselleiro de Sanidade, a advertencia de que “baixo ningún concepto o imos a permitir”, tomando as medidas para requirirles para o mantemento deste centro nas mesmas condicións que tivo ata a data como mínimo, pero expoñendo ampliación de servizos e equipamento. O colectivo amenazou con mobilizacións, “se é preciso ocupando centros de dirección e servizos non imprescindibles na área Sanitaria de Lugo con manifestacións e o que sexa preciso ata lograr o noso obxectivo”.

BNG. A deputada do BNG no Parlamento, Carme Aira, anunciou que presentará unha serie de iniciativas para reclamar á Xunta que manteña o servizo de atención primaria neste centro de saúde. Segundo Aira, “en vez de aportar solucións ás doenzas das veciñas e veciños de Nadela, creamos novos problemas, como forzar á poboación, en moitos casos maior e con problemas de mobilidade, a desprazarse de maneira innecesaria”.

A Federación Veciñal presenta un proxecto para acadar a igualdade

A Federación de Asociacións de Veciños da Provincia de Lugo presentou un proxecto que contribúe a seguir avanzando no camiño cara a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, especialmente no rural. Trátase do programa Igualdade e Loita contra a Violencia de Xénero no Medio Rural da Provincia de Lugo, ao que a institución provincial achega 12.000 euros.

A programación, que se desenvolve nesta anualidade, inclúe actividades que combinan a sensibilización, o lecer, a formación, o asesoramento e o acompañamento ás mulleres do rural e de pequenos centros urbanos da provincia. Destacan andainas pola igualdade, cursos de dixitalización, a edición dunha revista ou a obra de teatro para a igualdade Só



unha malla, que foi representada tras a presentación do programa no Salón de Actos do Pazo de San Marcos.

“Aplicamos a perspectiva de xénero en cada unha das accións políticas que levamos a cabo, e por iso apoia-

mos iniciativas coma esta, porque buscamos avanzar cara unha sociedade máis igualitaria e máis xusta, e iso pasa porque mulleres e homes teñamos as mesmas oportunidades e os mesmos dereitos”, explicou o deputado Pablo Rivera.

Arroxo prepara a ordenanza para o transporte a demanda no rural

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, mantivo unha xuntanza con integrantes da asociación de taxistas onde amosou os avances realizados pola área de Mobilidade na implantación dun servizo de transporte a demanda que comunique ás 54 parroquias de Lugo. Arroxo explicou que “Lugo pode ser a segunda cidade do estado que conte cun sistema que permita á veciñanza das parroquias sen servizo de bus poderán solicitar un taxi para achegarse ata a cidade a custo reducido”.

O Tenente Alcalde anunciou que a área de Mobilidade está a ultimar

unha actualización da ordenanza reguladora do servizo de taxi que contemple a posta en marcha deste servizo. A nova ordenanza actualizará a última aprobada polo Concello de Lugo, datada de 2002, e será actualizada para cumprir coa lexislación galega de 2018. No novo texto permitirase aos taxistas presentarse á licitación deste servizo, unha vez se poña en marcha o procedemento.

A nova ordenanza terá que ser aprobada inicialmente no pleno municipal, tendo que ser aprobada posteriormente pola Xunta, e novamente polo Pleno de xeito definitivo.

Segundo Rubén Arroxo, “trátase dun servizo que non existe aínda en ningunha cidade do estado, só en Pontevedra se está a traballar neste servizo”. Arroxo lembrou que desde a área de mobilidade se mantiveron distintas xuntanzas co goberno de Pontevedra para coñecer o funcionamento deste sistema e poder aplicar un modelo similar en Lugo”.

Segundo Rubén Arroxo “sería insostible que o bus urbano dera servizo ás 54 parroquias do rural de Lugo, mais esta alternativa permitiría á veciñanza gozar de transporte público a un prezo accesible”.

ÚNICOS EN LUGO ESPECIALIZADOS EN LA SALUD BUCODENTAL DE TU MASCOTA

SI TU MASCOTA MUESTRA ALGUNO DE ESTOS SÍNTOMAS...

- Tiene mal olor de boca
- No te deja tocar su boca
- Le cuesta comer, morder objetos o apenas juega

... PUEDE SER POR UNA PATOLOGÍA BUCAL COMO ENFERMEDAD PERIODONTAL O UNA CAUSA MÁS GRAVE...

¡VEN A CONOCERNOS! Y ASESÓRATE CON NUESTRO ESPECIALISTA EN ODONTOLOGÍA VETERINARIA para conocer las mejores opciones de tratamiento

¡Una boca sana alarga la vida de tu Mascota!

Cita previa | Urgencias

982 46 50 65 | 655 36 97 33

Calle Dinan 1-3, Lugo

HERBÓN DE LOS GUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Poligono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

A MAXIA DAS PARROQUIAS

A maxia das parroquias: Santo Estevo de Benade

Zona dominada pola presenza do granito, onde destacan a igrexa parroquial e a casa de Fidalgo

A parroquia de Santo Estevo de Benade está situada ao norte da capital lucense, rodeada polas parroquias de Mazoi, Muxa, Rubiás e Teixeira e limitando xa co concello de Outeiro de Rei. Con acceso pola estrada que conecta Lugo con Meira é unha zona dominada pola presenza de granito. Esta pequena poboación lucense conta cun total de 88 habitantes repartidos entre os seus núcleos, que son Airexe, Benade, A Fontenova, Mouriz, A Puga, Gundín e Laxe. Gundín é o punto que concentra máis densidade de poboación cun total de 27 habitantes, e sendo A Puga o lugar con menos densidade tendo na actualidade un só habitante. O templo parroquial atópase lixeiramente illado dos diferentes nú-

cleos poboados pero ben centrado dentro do territorio parroquial e conta con igrexa, atrio e cemiterio. A entrada á igrexa está enmarcada nun arco de medio punto con molduras lisas semicircular. Na parte superior da porta pódese observar un rosetón e no alto da construción unha torre con seis vans na que destaca a escultura en pedra do Sagrado Corazón de Xesús que coroa todo o conxunto. A nave principal é rectangular construída sobre estrutura de madeira e cun tellado a dúas augas. Na parede norte posúe unha porta lateral e unha ventá, e na sur dúas ventás. O presbiterio está máis elevado, con tellado a catro augas, construído tamén en granito. No seu interior atópanse varios retablos, o maior conta cun Santo



Estevo pintado e nos laterais dous cadros de San Xosé e Santiago peregrino dos séculos XVIII-XIX. O retablo situado no lateral norte é de estilo neogótico onde se poden atopar un San Antonio e un San Sebastián ademais dalgunha talla barroca do século XVIII. A igrexa conta tamén con dúas cruces parroquiais de metal e un cáliz de prata cicelada. Dentro desta parroquia, ademais da súa igrexa, tamén poderemos visitar a casa de Fidalgo no núcleo Fontenova onde pódese apreciar o escudo realizado en granito que conta cunha torre, unha aguia e unha árbore. Pegada a esta vivenda atópase a casa de Pedregueira, que anteriormente era coñecida como casa de Bares na que podemos apreciar o seu lintel decorado.



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374



Reestruturan a pista polideportiva do CEIP Sagrado Corazón

Persoal do Concello de Lugo, a través da concellería de Deportes, realizou unha reestruturación da pista polideportiva de CEIP Sagrado Corazón para que esta instalación sexa máis operativa. Os traballos, que requiriron a intervención dun camión pluma do Parque Móbil Municipal, teñen por obxectivo delimitar as zonas de xogo das canchas de baloncesto e minibasket creando así un novo espazo para a práctica

deportiva.

Deste modo, a pista gaña versatilidade e aumenta o seu nivel de seguridade, así como a súa capacidade para acoller adestramentos e partidos destas dúas disciplinas. “Esta actuación responde a unha solicitude da dirección do centro como consecuencia do contacto permanente que desde o Goberno local mantemos coa comunidade educativa e o tecido asociativo”, sinalou o edil de Deportes.



Candia propón o edificio de Obras Públicas para a Comisaría de Policía

O Partido Popular de Lugo, por medio de Elena Candia, propón a utilización do edificio de Obras Públicas para albergar a Comisaría da Policía Nacional. A alternativa que presenta o PP ten como obxectivo que a Policía Nacional de Lugo teña unha infraestrutura espaciosa e moderna “é máis sostible xa que usa de maneira eficiente un inmoble xa construído e cumpre co compromiso dado á veciñanza de deixar esta dotación na contorna do barrio”.

Na reunión de traballo que tivo lugar esta mañá co Sindicato Unificado da Policía Nacional ofreceron o seu apoio a esta idea e compartiron a filosofía do PP de que “para garantir a seguridade e prestar un mellor servi-

zo á cidadanía, ademais de ter efectivos suficientes, é fundamental contar con infraestruturas axeitadas”. Os representantes sindicais agradeceron que o PP dera resposta a un compromiso adquirido o día da concentración, celebrada o pasado 11 de maio, na que reivindicaban unha Comisaría do século XXI onde acordaron coa candidata do PP buscar un emprazamento para mellorar as condicións da Comisaría actual. Os populares explicaron que “para que se poida transformar o edificio enteiro na nova comisaría da Policía Nacional habería que chegar a acordos e implicar tanto á administración autonómica como ao goberno central.

A aprobación do PXOM sofre un novo retraso no 5% pendente

O Partido Popular de Lugo solicitou ao Concello de Lugo unha reunión urxente entre Concello e Confederación para desbloquear o 5% do PXOM que queda parado agora polo ente fluvial que alega déficits na documentación entregada. Ademais, os cambios de normativa e na cartografía fluvial desde a redacción do plan ata o de agora deixan pendente unha parte.

O PP rexistrou un rogo para que “se impulse un grupo de traballo bilateral con representantes do Concello e da Confederación que analice e solucione esas deficiencias da documentación que o Goberno local enviou a CHMS”.

Para os populares “a situación do PXOM de Lugo só se pode desbloquear cun traballo coordinado” engadindo que “para poder solventar de xeito definitivo o PXOM, faise imprescindible que CHMS e Concello acorden en reunións de traballo conxuntas como o Goberno local debe de abordar as discrepancias existentes na documentación para darlle integridade o PXOM, así como de que xeito no que teñen que presentar os documentos”.

Este plan comezou a elaborarse nos anos 90 e foi aprobada unha parte no 2011. Agora a demora na aplicación do 5% afectaría a 70 núcleos de 21 das 54 parroquias de Lugo e a

sectores empresariais e residencias, como os polígonos industriais das Gándaras e o Ceao ou a contorna do HULA.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia lembra que deu conformidade ao 5% que restaba fai un ano pero que “condicionado a que o Concello atendera as consideracións da CHMS e que este organismo en agosto comunicou que non todos foron atendidos”.

GOBERNO LOCAL. Con relación ao adiamento que está a sufrir a entrada en vigor do PXOM de Lugo, o Goberno local, dende a área de Urbanismo confirmou que, ata a data, este servizo municipal non ten recibido ningunha comunicación ao respecto por parte da Xunta de Galicia e que, en canto a teñan, estudarán os termos recollidos na mesma para poder coñecer cales son as causas deste aprazamento ou, de ser o caso, os novos requirimentos esixidos co fin de darlle solución o máis axiña posible.

En calquera caso o Goberno local “lamenta” que a entrada en vigor deste documento teña que adiarse e amosa a súa sorpresa ante o feito de que estes atrancos xurdan xusto na recta final do proceso, “cando previamente as Administracións implicadas no procedemento non só traballaron da man e conxuntamente para resolver

a súa tramitación, senón que a propia Xunta validou o contido relativo a aprobación do 5% e, por iso mesmo, o texto non só foi aprobado polo Pleno municipal senón que tamén superou a fase de sometemento a exposición pública no DOG”.

A concelleira de Urbanismo, Paula Alvarellos, remitiu unha comunicación á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na que esixe á Xunta toda a posible documentación xerada ao respecto do PXOM de Lugo desde a solicitude de rexistro efectuada pola Administración local o pasado mes de xullo. “Ante a falta de comunicación oficial por parte do ente autonómico, e a raíz da filtración de informacións oficiosas aos medios de comunicación que están a xerar inseguridade entre a veciñanza, o Concello vaise persoar para poder acceder á información que a Xunta non nos facilita”, sinalou a edil.

Así mesmo, Alvarellos lembrou que o pasado 27 de xullo solicitou o rexistro inmediato do Plan Xeral para que a súa entrada en vigor fora efectiva, posto que o proceso de tramitación administrativa está xa rematado. “Todo o que sabemos ao respecto do estado do rexistro do PXOM é o que Executivo galego filtra aos medios de comunicación nun acto de deslealdade institucional sen precedentes na nosa cidade”.

Arranca a segunda fase da renovación da rúa Isaac Díaz Pardo

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, xunto cos concelleiros Alexandre Penas, responsable de Infraestruturas Urbanas e Maite Ferreiro, edil da área de Cultura e persoal técnico municipal, visitaron o barrio de Recatelo, onde veñen de comezar os traballos da segunda fase da renovación integral da rúa Isaac Díaz Pardo. Arroxo explicou que “neste 2023 continuamos coa renovación integral de Recatelo, completando a zona peonil que comunica o centro da cidade co Parque de Rosalía, e mellorando as instalacións públicas e a calidade de vida das veciñas e veciños”.

As obras consisten no segundo treito da obra, situada entre as rúas Avelino Pousa Antelo e Cidade de Viveiro, “un treito que por cuestións orzamentarias non puido incluírse na primeira fase das obras”, explicou Arroxo. Os traballos consistirán



na renovación do saneamento e da recollida de augas pluviais, ademais das instalacións de alumeados e telecomunicacións. A pavimentación dará continuidade aos treitos xa peonalizados na primeira fase, e instalarase tamén novo alumeados público.

O Goberno inviste 102.767,31€ neste proxecto, e unha vez comezadas as obras, terán un prazo de realización de 3 meses. Arroxo lembrou

tamén que a Tenencia de Alcaldía continuará nos vindeiros meses realizando actuacións no barrio, como a renovación do Carril dos Loureiros, tal e como se acordou coa veciñanza, onde se habilitará unha plataforma única “que nun futuro poderá ser peonil”, ademais da renovación do muro de Frei Plácido Rei Lemos, que foi apuntalado a finais do ano pasado, e do que se realizará unha actuación integral de renovación.

Abre en Lugo a nova oficina do SEPE na zona da Residencia

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, participou no acto de inauguración da nova oficina de emprego e do SEPE no barrio da Residencia, xunto coa alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, entre outras autoridades.

O Goberno fixo un investimento de 1.227.000 euros para a nova oficina do SEPE, realizando a cesión gratuita dos terreos da antiga Escola de Enfermería no barrio da Residencia a través da Tesourería Xeral da Seguridade Social. Esta cesión fixo posible o acondicionamento do edificio que albergará tanto as oficinas de emprego da Xunta de Galicia como as do SEPE, integrando esta última as dúas que están actualmente situadas na rúa Campos Novos e Río Cabe.

A subdelegada, Isabel Rodríguez, subliñou a importancia das dúas subvencións concedidas para este fin polo traslado de cada unha das oficinas, co obxectivo de adecuar e reformar as instalacións da cidade. “Esta financiación permite ter un



novo centro de servizos de emprego moderno e eficiente en Lugo, esencial para a vida dos cidadáns”. Tal e como explicou nunha visita ás novas instalacións, a achega do Goberno garante un acondicionamento axeitado das infraestruturas, solucionando problemas relacionados coa insuficiencia do espazo, tanto para persoal como para usuarios do servizo, a climatización, o mobiliario ou a mellora de sinalizacións e seguridade, entre outros. Rodríguez aseverou na súa intervención que “o compromiso do Goberno do Estado coa mellora das infraestruturas na cidade e na

provincia faise evidente tanto en materia económica como á hora de facilitar espazos para a posta en marcha de servizos mellorados nunha cidade que avanza en paralelo ás demandas que esixe a sociedade”. O Servizo Público de Emprego Estatal é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Traballo e Economía Social. O SEPE, xunto aos Servizos Públicos de Emprego das Comunidades Autónomas, realizan os trámites para prestacións por desemprego para 8.268 lucenses actualmente, así como a procura de emprego para os 12.190 persoas desempregadas na provincia.

Renovan o alumeado do paseo Álvaro Cunqueiro



Estase a traballar na renovación do alumeado público paseo Álvaro Cunqueiro, no barrio da Ponte. A concellería de Infraestruturas está a substituír as 15 luminarias actuais, que utilizan vapor de sodio e requiren unha potencia de 150W cada unha, por proxectores LED de 75W. Este novo alumeado dará unha luz máis uniforme nas rúas, e permitirá reducir os custos en mantemento, dado que este alumeado sofre un número de avarías moito menor. Ademais,

Alexandre Penas explicou que “utilízase un alumeado de cor ámbar que garante a protección do medio ambiente e da fauna da zona, ao tratarse dunha zona próxima ao Miño”. Desde a concellería de Infraestruturas Urbanas continúa a apostarse pola eficiencia enerxética na rede de alumeado público da cidade. Con esta intervención, o aforro está cifrado en 5.999 kWh, o que permitirá tamén reducir as emisións de CO2.

NOVO APARCADOIRO NO HULA

Xa están postas a disposición da cidadanía 340 novas prazas de estacionamento gratuito na contorna do HULA. O recinto, situado ao carón da entrada principal do centro sanitario, xa está operativo cumprindo os obxectivos, de dar resposta á reivindicación da cidadanía. A intervención, que supuxo un investimento municipal de máis de 156.000 euros, consistiu no acondicionamento de dúas parcelas que no seu conxunto suman 11.510 metros cadrados.



Adxudicadas dúas parcelas máis no polígono das Gándaras

A Xunta adxudicou un total de 69.917,5 metros cadrados de solo empresarial en 5 polígonos, con bonificacións no prezo de venda por importe de máis de 3,3 millóns de euros. O prezo de adxudicación das parcelas, unha vez descontada a bonificación, foi de 7,15 millóns de euros.

A meirande parte das parcelas adxudicadas corresponden ao parque de Morás, en Arteixo, onde se adxudicaron 10 a 3 empresas dedicadas á

fabricación de cadros eléctricos, á produción, almacenamento e distribución de hidróxeno verde renovable e a terceira a transporte e loxística.

No polígono lucense das Gándaras adxudicáronse 2 parcelas a empresas dedicadas a centro loxístico dunha firma de transporte de viaxeiros e á venda de produtos de alimentación e droguería. Supón unha superficie total de 6.339 metros cadrados e un importe global de 380.340 euros.



AZZURRA

moda circular

Av. Coruña, 21 Galerías
Lugo

LA MODA DE LUJO
TE ESPERA !!!

Ropa y complementos

Nuevos
Seminuevos

Solo marcas originales

azzurra.modacircular

640 71 21 30

NUEVA APERTURA

No te lles!!!
La mejor manera de que te acuerdes de todo es con nuestras **SUPER AGENDAS!**

Troll
Librería

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Urbanismo prepara a nova ordenanza para a avaliación de edificios

A concelleira de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos, Paula Alvarellos, anunciou que o Concello de Lugo está a elaborar unha nova Ordenanza municipal en materia de Avaliación Técnica de Edificios.

Unha Ordenanza que ten por obxectivo regular, de maneira independente, esta materia acatando así os últimos cambios legislativos que entraron en vigor recentemente e que obrigan á substitución das antigas Inspeccións Técnicas de Edificios (ITEs) por informes de avaliación que reflectan o grao de cumprimento que está a exercer a propiedade de terreos e inmobles no que ten que ver coa súa conservación, rehabilitación ou co estado ruinoso dos mesmos.

“Trátase de avanzar, por tanto, con todas as ferramentas administrativas posibles, na cultura do sostemento dos edificios para mantelos, con absolutas garantías, en condicións de seguridade, salubridade e ornato público”, sinalou a tenenta



de alcaldesa.

Alvarellos Fondo indicou que a nova Ordenanza que prepara o Executivo de Lara Méndez contemplará os termos polos que pasará a rexerse o deber de inspección técnica periódica das edificacións que determine o seu estado de conservación, o acatamento da lei vixente sobre accesibilidade universal e, para os edificios de uso residencial de vivenda colectiva, o grao de eficiencia enerxética, o que se reflectirá no propio informe de avaliación dos edificios.

O Partido Popular presentou unha serie de reclamacións e propostas para a cidade

MARCOS CELA. O Partido Popular de Lugo reclama que se realice o mantemento e a limpeza do Parque Marcos Cela e aseguran que urxe a renovación do pavimento que ten fendas de varios centímetros que supoñen un risco para os cativos que xogan nel. Reclaman a ancoraxe de bancos e reparación das varandas que hai no interior desta zona e que se renoven as travesas da escaleira que comunica os paseos interiores co parque infantil. Os populares urxen a renovación do chan de caucho do parque infantil que está na Avenida de Magoi e que presenta fendas de varios centímetros poñendo en risco a seguridade dos rapaces e rapazas.



seguridade vial na contorna dos colexios así como unha maior presenza policial son unha queixa común dos equipos directivos dos cinco centros educativos que visitou o Grupo Municipal do Partido Popular dentro da rolda de contactos que vai manter cos directores dos CEIPs de Lugo e institutos.

COLEXIOS. Aseguran que existe “unha falta de vontade do bipartito por solucionar problemas de mantemento” que teñen os colexios. Canastras en mal estado e portería de fútbol precintadas, problemas de seguridade vial na contorna dos centros; peticións de maior vixilancia policial e demanda para renovación de alicatados, pintura e desratizacións son as principais demandas dos membros da oposición. Afirman os populares que as cuestións de falta de mantemento, de melloras de

ASOLAGAMENTOS. O PP defenderá unha iniciativa na que propón un plan de actuacións na rede de drenaxe para evitar inundacións nos puntos negros do municipio. O obxectivo é actuar en 3 eixos “redeseño vías, mantemento e análise de sumidoiros plantexando a posibilidade de modificacións de tamaños, formas, número de elementos e mesmo tipoloxía”.

Comezou a montaxe dos asentos no Pazo e do parqué no Anexo

Avanzan as tarefas de instalación dos novos asentos no Pazo dos Deportes Tras realizar o traballo de carpintería, a empresa adjudicatária comezou a montaxe das novas cadeiras nas localidades, comezando polo chamado fondo estadio, que finalizaron neste tramo para o duelo Breogán e Bursaspor da competición europea Basketball Champions League (BCL).

Os traballos de montaxe continuarán nas vindeiras semanas, ata completar renovación das bancadas da metade inferior, tanto as localidades que teñen asentos grises como as que non teñen asento. Instalaranse 2.000 novos asentos, de cor azul e con respaldo pregable.

As tarefas desenvolveranse por fases, tendo en conta o calendario de encontros nas próximas semanas, tal e como se acordou coa empresa e cos clubs. O obxectivo é que o Pazo manteña a capacidade nos días nos que se disputen os partidos de CB Breogán e Ensino.

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo destina 171.000 euros a esta actuación que dá continuidade ás melloras que se realizaron nos



últimos meses, coa substitución das lámpadas antigas por outras de tecnoloxía LED, que melloraron a eficiencia enerxética e a iluminación da pista tanto para público como para as retransmisións televisivas.

A renovación dos asentos e as luminarias no Pazo dos Deportes e a instalación dun novo pavimento no Anexo, son as actuacións máis ambiciosas que se desenvolveron nas instalacións deportivas provinciais – fundamentais para o baloncesto da cidade – desde que se construíron, fai tres décadas no caso do Pazo e dúas no caso do Anexo.

ANEXO. Tamén comezaron as tarefas

de instalación do novo pavimento. Os traballos se iniciaron coa instalación da madeira sobre a que se asentará o parqué, un material coa máxima certificación da FIBA que garantirá as mellores condicións para os 60 equipos de base que adestran e xogan nas instalacións.

A instalación do parqué completará as tarefas de renovación das instalacións desenvolvidas nos últimos meses, con actuacións dirixidas a impermeabilizar o edificio e a mellorar a iluminación, completamente renovada tras a substitución das antigas luminarias por 48 proxectores LED que reducen o consumo eléctrico da instalación nun 60 por cento.

Adega alega contra o proxecto do Club Fluvial

Rematou o prazo para presentar as alegacións ao proxecto co que o Club Fluvial pretende obter unha nova concesión e legalizar as instalacións existentes. Dende Adega manifestaron que a Confederación Hidrográfica Miño Sil non pode autorizar esta nova concesión nos termos expostos polo Club Fluvial, xa que a entidade “está a ocultar actividades e infraestruturas que poden causar prexuízos ao sistema fluvial, e segue sen cumprir coas obrigas esixidas ó longo destes anos”.

Afirman que o proxecto presentado contén grandes eivas, oculta información, non describe a realidade das instalacións nin do conxunto de actividades desenvolvidas, ademais contén información contradictoria.

O Club Fluvial solicitou a modificación da zona de servidume, pese ás conclusións do Estudo Hidrolóxico no que indica que a totalidade do proxecto debe amoldarse á cartografía de dominio público hidráulico vixente, polo tanto, no propio proxecto conclúese que non sería posible facer esa modificación da zona de servidume. “Ademais esta modificación é imposible de asumir

pola normativa actual, e en caso de aceptala o organismo de bacía, estaría autorizando o aumento da perigosidade para as persoas nunha zona de fluxo preferente”, din. Outra das eivas atopadas por Adega, é que no proxecto obvía a impermeabilización do caneiro, convertendo a construción tradicional nun azud. No pasado mes de agosto apareceron troitas mortas á altura da fábrica da luz, que segundo as declaracións recollidas na prensa polo presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil debeuse á falta de caudal e á temperatura das augas. “

Engaden que o proxecto presentado ten moitas carencias en canto non describe todas as actividades, e polo tanto non se fai un estudio real das presións que estas instalacións e os usos asociados ás mesmas teñen sobre o ecosistema fluvial, tampouco presenta alternativas nin medidas correctoras suficientes, nin ningún protocolo de actuación preventivo. “Indican que só causarían prexuízos as actividades desenvolvidas durante os meses de verán, mais obvía incluír o piragüismo, actividade que se desenvolve durante todo o ano”, afirman.

Lugo Monumental reclama a reapertura da porta falsa

A Asociación Lugo Monumental rexistrou un escrito dirixido ao Concello de Lugo en que solicita a inmediata reapertura da Porta Falsa, recalando o atraso nas obras, cuxas fases de execución non se están cumprindo. A afluencia peonil pola Porta Falsa é notable, debido a que permite que unha parte importante da poboación entre ao centro histórico sen ter que rodear por San Fernando ou pola rúa Teatro.

Indican que a previsión era que as obras terminasen o día 27 de xullo, é dicir, 10 semanas despois do seu inicio (falábase de dúas fases que durarían 5 semanas cada unha delas). “As obras seguen sen terminarse e os accesos continúan pechados, o que prexudica enormemente aos establecementos da zona así como aos lucenses, particularmente aos que teñen aos seus fillos no colexio da praza de Ferrol”.

En canto ás obras en si, a Asociación denuncia que se danaron árbores (por exemplo na rúa Montevideo) durante a execución das mesmas, e isto tivo lugar porque non se cumpriu o que indica expresamente o PEPRI no seu artigo 53.4.

A Asociación lembra ao Concello os deberes que a súa propia norma impónlle e solicita un seguimento serio e rigoroso sobre este asunto.

A comisión acorda crear unha rotonda física en Ramón Ferreiro

A Comisión de Cultura, Turismo, Mobilidade e Infraestruturas aprobou algunhas das iniciativas presentadas polo PP para “facilitar a mobilidade en diferentes puntos da cidade”.

Os populares puxeron sobre a mesa unha proposta para a construción dunha rotonda física elevada na confluencia das rúas Anxo López Pérez, Rúa Vilalba, Rodríguez Mourelo e Ramón Ferreiro. Consideran que tal e como está sinalizada provoca dúbidas e dificultades de interpretación polo que o equipo de Goberno tomou en consideración esta suxección.

Tamén admitiu a proposta para mellorar a mobilidade para os veciños que residen no Carril das Frores xa que “dende que se cortou o acceso dende a Ronda da Muralla o tráfico de subida e baixada por esta vía é complicado”.

Solicitan buscar alternativas para que poidan acceder vehículos ás vivendas situadas a carón do río da Chanca dende a estrada de San Eufasio. Por tratarse dunha solución



que afecta a un vial da Diputación trasladarase esta cuestión ao ente provincial.

Ademais reuniuse a comisión especial de Suxestións e reclamacións onde o PP pediu que as medidas para revitalizar a Praza e o Mercado Municipal se consensúen cos praceiros.

Os populares solicitaron que o Goberno local axilice a convocatoria da Comisión Consultiva de Prazas e Mercados, na que están representados os praceiros e que non se convo-

cou en 12 anos.

Por outra banda, consideran que é momento de actualizar a ordenanza municipal que é do ano 2011 para adaptar o seu contido ás demandas e necesidades actuais.

Con respecto ao informe de queixas a concelleira popular Mar Carballas pediu máis axilidade ao goberno local para contestar en tempo e forma ás peticións veciñais “pedimos que sexa un organismo máis dinámico” xa que máis da metade das peticións están pendentes de resposta.

Veciños da Milagrosa consideran escaso o investimento para o centro de saúde

Dentro do orzamento da Xunta de Galicia para Lugo en 2024, a Consellería de Sanidade consignou un total de 700.000 euros para as obras previstas no Centro de Saúde do barrio da Milagrosa.

A asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do distrito da Milagrosa fixeron chegar ao conselleiro de Sanidade o seu descontento coa cantidade da asignación. “Sempre defendemos a necesidade das obras previstas no noso Centro de Saúde da Milagrosa (antigo Hospital Doutor Plácido Vila), pero a cantidade de 700.000 euros parécenos totalmente insatisfactoria e insuficiente. A citada cantidade supón menos dun terzo do orzamento total estimado (2,5 millóns de euros). É dicir, que a este ritmo de investimento (ritmo manifestamente mellorable), haberá que agardar 4 ou 5 anos para ver rematada unha reforma tan necesaria. Mentres tanto, o noso barrio, un barrio con máis de 20.000 veciños, unha boa parte (varios miles) terá que realizar desprazamentos quilómetros, fóra do noso barrio para recibir a asistencia sanitaria que merecemos e á que temos todo o dereito, e a Consellería a obrigación de prestárnola nas mellores condicións. (Cousa que non se vai facer con este ritmo de investimento na reforma do noso Centro de Saúde)”.

“No noso barrio predomina a xente



maior, que terá que realizar longos desprazamentos, por non facer a Consellería o investimento necesario no Centro de Saúde nun prazo de ano ou ano e medio. Prazo que consideramos prudente e xusto”, engaden.

O conselleiro de Sanidade anunciou estes días, a conta da cesión dos terreos á veciñanza, que os veciños do Sagrado Corazón merecen unha asistencia sanitaria de calidade no seu barrio. “Estamos totalmente de acordo e apoiámos as reivindicacións dos veciños do Sagrado Corazón, pero xúrdenos unha dúbida: Estima o Señor Conselleiro que os veciños da Milagrosa somos uns cidadáns de segunda? Cre o Señor Conselleiro que os veciños da Milagrosa non temos os mesmos dereitos que os demais veciños da cidade? Cre o Señor Conselleiro que é xusto e prudente que o barrio máis grande de Lugo (a 4ª parte da poboación de Lugo) es-

pere 4 ou 5 anos para unha reforma do seu Centro de Saúde, porque non se cumpren as promesas e non se consigna o orzamento necesario?”, subliñan. O colectivo demanda respostas a todas as preguntas e informa de que se reunirá cos veciños para darlles información e recoller as súas propostas e liñas de actuación.

ALUMEADO. A Asociación está a recibir múltiples queixas da “insuficiente iluminación” da rúa Milagrosa, concretamente do tramo que vai desde a praza da Milagrosa cara ao Camiño de Pipín.

Segundo indican, os problemas xerais, son que a iluminación desta rúa é só dun lado, cunha luz pouco intensa e insuficiente, que provoca intranquilidade aos veciños da zona, polo que piden a renovación da iluminación, intensificándoa e cambiándoa por unha máis moderna, menos contaminante e máis barata.

A Xunta volverá estudar o impacto ambiental do proxecto da Ronda Leste

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, anunciou que ante as alegacións presentadas e informes recadados no período de información pública, a Xunta vai someter a unha nova declaración de impacto ambiental o proxecto da Rolda Leste.

Arias sinalou que “antes de que conseguíramos o financiamento para executar este proxecto, todos entendían que era fundamental para a cidade, pero acadados os máis de 20 millóns de euros necesarios e mellorando o proxecto orixinal para que tivese un impacto mínimo no paseo do Rato comezaron os paus nas rodas, e unha infraestrutura como a Rolda Leste non pode xerar división, senón acordo e consenso”.

O Goberno galego volverá solicitar os informes sectoriais e os estudos que sexan precisos, “porque é unha obra de gran calado e consideramos que merece un gran acordo do que poidan participar as distintas administracións e colectivos sociais”, afirmou o delegado.

A Xunta porá marcha o procedemento inmediatamente co fin de non demorar máis do indispensa-

ble esta obra, na que prevé investir máis de 20 millóns de euros.

O novo tramo da Rolda Leste pechará o anel de circunvalación establecido no PXOM de Lugo e, polo tanto, o percorrido de acceso ao HULA, desde a glorieta de enlace coa LU-530 ata a Tolda de Castela, vertebrando o sur da cidade e permitindo unha conexión máis áxil e segura, tanto cara á N-VI e a avenida de Madrid como ás áreas empresariais das Gándaras e O Ceao ou o centro comercial, entre outros.

CONTESTACIÓN DO BNG. Rubén Arroxo anunciou que o BNG retomará a campaña contra o trazado actual da rolda Leste despois do anuncio da Xunta de continuar adiante coa infraestrutura. Arroxo declarou que “a Xunta danos a razón ao recoñecer que é preciso realizar unha nova declaración de impacto ambiental, mais seguimos a defender que manter o Parque do Rato é máis importante que crear unha nova vía na que o propio proxecto recoñece que é innecesaria para reducir a congestión de outros viais”.

Comesaña anuncia a posta en marcha da unidade de ictus no HULA

A Xunta traballa na posta en marcha de dúas unidades de ictus en Lugo e Ourense, que posibilitarán o tratamento de patoloxías que ata o momento se derivaban a outros centros sanitarios. Así o destacou o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, na inauguración dunha xornada informativa sobre a actualización da asistencia ao ictus en Galicia.

O conselleiro detallou que para posibilitar a habilitación destas unidades, a Xunta adquiriu, por case 2,5 millóns de euros, dous equipos de neurorradioloxía intervencionista. Tamén destacou que para acoller estes equipos, o Sergas fixo unha serie de obras que, no caso de Lugo, supuxeron a adaptación das salas de neurorradioloxía, cun investimento de máis de dous millóns de euros.

Nesta xornada presentouse a actualización do Plan de asistencia ao ictus en Galicia que, -segundo remarco Comesaña-, xorde dos últimos avances no diagnóstico por neuroimaxe e das melloras no tratamento endo-

vascular. Ao respecto, o conselleiro felicitou á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas por este documento, así como aos integrantes do grupo de traballo formado, entre outros, por facultativos especialistas en neuroloxía, radiodiagnóstico, persoal de enfermería, de urxencias hospitalarias e do 061.

Este novo documento parte do Plan de asistencia ao ictus que se implantou no 2016 e, dende entón, -remarcou o conselleiro-, activáronse 15.332 códigos ictus e rexistráronse 3.072 fibrinólises intravenosas e 2.070 trombectomías mecánicas.

Esta actualización recolle algúns cambios entre os que destaca a ampliación da ventá terapéutica, grazas aos avances nas técnicas de neuroimaxe, que implicará un aumento do número de pacientes que se poderán beneficiar dalgúna terapia recanalizadora. Trata de axustar o manexo terapéutico dos doentes desde o momento inicial da asistencia.

Comezan clases de baile e ximnasia de mantemento

O Concello organiza clases de baile latino e de salón para os veciños e veciñas que desexen anotarse. E tamén ximnasia de mantemento para todas as persoas do municipio que estean interesadas.

As de ximnasia darán comezo o martes día 14, podendo inscribirse ata o xoves día 6. Poderán participar todas as persoas do municipio que queiran facer exercicio, divertirse e socializar nas tardes e noites dos martes e dos xoves, entre as 21.00 e as 22.00 horas.

Para as clases de baile poden apuntarse os veciños e veciñas que lles apeteza aprender a bailar, ou per-

feccionar os seus pasos aqueles que xa saiban, ou simplemente pasar as tardes e noites dos luns dun xeito divertido e diferente. As clases de baile comezarán o luns 13 de novembro, podendo anotarse ata o luns 6.

Poderán facerse as inscricións nas oficinas do Concello ou a través do correo electrónico info@concello-friol.es. As clases de baile serán os luns de 21.00 a 22.30 horas e a ximnasia os martes e os xoves de 21.00 a 22.00 horas.

Ámbalas dúas actividades levaranse a cabo no pavillón de deportes do Concello de Friol.



MURAL. O CPI Doutor López Suárez vén de estrear un mural nun das paredes exteriores do edificio. Nesta ocasión trátase dunha obra da artista de Becerreá Ana Santiso, baseado na obra pictórica da galega María Antonia Dans e no que o papel protagonista da muller rural cobra unha xusta relevancia.

EN BREVE

ITV. A unidade móbil da ITV está entre os días 13 e 29 de novembro en Friol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no mercado gandeiro. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os venres, que será só en horario de mañá. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

MODISTAS. A Asociación Carballo Vivo de Friol organizou para o día 4 de novembro unha homenaxe ás modistas e costureiras da localidade que leva por título *Entre Fíos*. Así, está previsto, en primeiro lugar un obradoiro de costura ese días, entre ás 10.30 e as 12.30 horas, que se desenvolverá no centro sociocultural de Carballo. Ademais, ás 16.15 está prevista a actividade As modistas de Friol na radio, que se desenvolverá no museo de San Paio de Narla. Está prevista a participación de Sergio Pascual Espinilla e Lucía Abarrategui Amado, do Laboratorio de Radio.

Programan a segunda fase do proxecto de permutas de terras

A directora Xeral de Agader desprazouse a Friol para manter unha reunión na sede do GDR Comarca de Lugo, xunto con José Ángel Santos, alcalde de Friol e presidente de GDR 4; José Pardo, alcalde de Outeiro de Rei; Mariano Iglesias, alcalde de Mesía; Luis Martínez, alcalde de Ordes; Verónica Vilela, concelleira de Guntín; Lorena López, xerente GDR Comarca de Lugo; Ramiro Ruibal, xerente do GDR Pontevedra Norte; Domingo Lojo, xerente de Asdecomor; María Pérez, xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, e Carlos Díaz, xefe de Área de Xestión de Mobilidade de Terras, para dar as últimas pinceladas e perfilar o remate do segundo proxecto de cooperación para o estudo da ordenación do territorio agrario a través do sistema de permutas de terras agrarias.

Nesta reunión, a directora Xeral de Agader, Inés Santé, confirmou a concesión duns 275.000 euros para o financiamento da totalidade de toda a segunda fase do proxecto, que supoñerá o final dos traballos iniciados nas zonas de: Friol (Nodar e Condes), Outeiro de Rei (Mosteiro), Guntín (Cibrao-Vilameá), A Estrada (Cabanelas) e Ordes.

Nesta segunda fase van mobilizar case 1.000 hectáreas de superficie agraria, nas que na actualidade es-



tán divididas nunhas 3.033 parcelas e beneficiaranse 111 propietarios.

Concretamente o concello de Friol será o municipio con maior superficie, onde se mobilizarán 279 hectáreas distribuídas polas parroquias de Nodar, con 205 ha, que terá un orzamento asignado de 53.613 euros e na de Condes, no lugar de O Castro, con 74 ha, beneficiándose 28 propietarios e cun custo de 22.527 euros.

No municipio de Outeiro de Rei se permutarán unhas 84 ha. no lugar de Mosteiro, cun total de 85 parcelas e participarán 8 propietarios, onde supoñerá un custo de 24.066 euros, así como no concello de Guntín, cun investimento duns 58.067 euros, mobilizaranse 236 h, actuarase nunhas

520 parcelas sendo beneficiados 25 propietarios dos lugares de Cibrao e Vilameá. Xa no municipio da Estrada, no núcleo de Cabanelas mobilizaranse 233 ha. cunhas 1.833 parcelas de 35 propietarios, cun custo estimado de 88.353 euros. Por último, no municipio de Ordes, cun financiamento de 26.516 euros, actuarase en 70 hectáreas de 65 parcelas, sendo propiedade de 15 titulares.

O GDR Comarca de Lugo, despois de poñer en marcha cun primeiro proxecto piloto de permutas e despois do éxito obtido, coordina tamén este segundo proxecto de cooperación xunto co GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes e GDR Terras de Pontevedra.

O CPI Doutor Suárez participa nunha liga sobre ciberseguridade

Máis de 1.000 alumnos de 4º de ESO de 34 centros educativos de Galicia participaran este curso na modalidade preamateur da V Ciberliga 2023, unha actividade teórico-práctica de formación en ciberseguridade e en prol dun exercicio responsable da cidadanía dixital. A iniciativa é impulsada pola Garda Civil e foron elixidas para participar nesta iniciativa Galicia, Castela-A Mancha e Madrid.

Será o Instituto Nacional de Ciberseguridade o que desenvolva a actividade ao longo do primeiro trimestre do curso, con dúas fases clasificatorias. A primeira delas, a nivel galego, consistirá nunha formación en streaming dunha hora de duración á que seguirá un ciberreto nun espazo virtual seguro no que participará o alumnado en

grupos de tres ou catro.

Neste ciber-reto terán a oportunidade de por en práctica os coñecementos de ciberseguridade aprendidos na sesión anterior.

Pasarán á segunda fase, a nivel nacional, os cinco mellores equipos clasificados no ciber-reto a nivel galego. Desenvolverase, con similares características e probas, en Aranjuez do 14 ao 16 de novembro.

Os centros galegos participantes na provincia de Lugo son o IES Perdouro de Burela, o IES Marqués de Sargadelos de Cerro, o CPR Plurilingüe Martínez Otero de Foz, o CPI Dr. López Suárez de Friol, o IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo, o CPR Real Colegio Padres Escolapios de Monforte, o CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de la Asunción e o IES Gregorio Fernández de Sarria.

Nicole Grueira, única candidata a presidir Novas Xeracións

Nicole Grueira vén de ser proclamada candidata única a presidir Novas Xeracións de Galicia despois de facer entrega de máis de 350 avais, catro veces máis que os 90 requiridos como mínimo, de membros da organización das catro provincias.

A candidata oficial á presidencia da organización político-xuvenil do PPdeG, nacida en Pol hai 22 anos, entregou onte estes avais ante a Comisión Organizadora do Congreso que se celebrará o próximo 18 de novembro.

Tal e como establece o Regulamento do XI Congreso de Novas Xeracións de Galicia, unha vez formalizada a candidatura mediante a entrega de avais, a partir deste xoves 26 de outubro e ata o 2 de novembro terá lugar unha campaña interna para a recollida de apoios e a presentación do proxecto co que Grueira aspira a



liderar a organización.

“Preséntome con ganas, ilusión e responsabilidade para continuar o traballo exemplar realizado por Adrián Pardo e o seu equipo ao longo destes anos cun obxectivo claro: continuar traballando pola mocidade galega, polos seus intereses e pola potenciación do seu papel na sociedade”, dixo a candidata.

O Pleno aproba por unanimidade a homenaxe a tres persoeiros

O Pleno do Corgo acordou por unanimidade, e a proposta do BNG, render unha homenaxe a Rafael Pardo Vallés, falecido vítima do nazismo o 7 de xaneiro de 1942 aos 30 anos de idade no Campo de Concentración de Gusen. Rafael foi do Corgo, da Estación de Laxosa. A tal efecto colocárase nese lugar unha placa na súa memoria. Así mesmo, acordouse a elaboración de senllos graffitis coa imaxe de Jesús Abuín, fillo predilecto da vila e cronista oficial, e Benedicta

Sánchez, actriz “por ser exemplo de humildade, emprendedores, con valor e por ser referentes culturais, do rural e porque levan moi dentro o sentimento de ser galego e sobre todo ser do Corgo”.

Aceptada a proposta, o Concello estudará onde se colocarán estes murais.

Noutra orde de cousas, o BNG solicitou tamén os arranxos e limpeza de pistas na zona da vía do tren en Laxosa, de Quintela (San Bartolomeu de Chamoso) e do camiño


que vai da Ermida das Virtudes a medio camiño entre San Fiz e Campelo.

“Consultamos tamén si é posible a limpeza dos contedores por estar moitos deles cheos de avespas”. Tamén reclaman a limpeza da zona dos arredores do PAI, o Palco e Casa das Asociacións. Fixéronse eco da situación na que se atopa a Fonte de Donalbán “xa que o arranxo está paralizado” e demandaron de máis puntos de luz na zoa de Airamonte.

Abre no Palco a mostra ‘Sentinelas do desleixo’

A exposición *Sentinelas do desleixo* foi inaugurada no Punto de Atención á Lectura do Corgo – Palco. Trátase dunha mostra fotográfica temporal que recolle un total de catorce imaxes en branco e negro correspondentes a outros tantos pombais tradicionais corgueses.

Esta iniciativa xorde no ámbito do Proxecto Corgoral, co obxectivo de amosar a relevancia e a beleza estética destas construcións. Asemade, preténdese sensibilizar aos axentes públicos e privados sobre a necesidade de preservar o patrimonio.



O Corgo conta xa co primeiro dos murais dedicados á Vía Küning, onde plasma o paso do monxe alemán Hermann Küning por estas paraxes a finais do século XV e que logo recolleu nunha guía sobre o Camiño de Santiago. O mural do Corgo, que xa pode visitarse, está situado preto do centro de saúde e recolle nel a ponte de Galiñeiros de Arxemil. O mural foi realizado polo artista Diego As.

Convocado o certame Terras de Chamoso



A Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Deputación de Lugo e a Asociación Cultural A Legua Dereita, convoca o XVII edición do certame literario Terras de Chamoso, no que quere premiar a todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua do país.

Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego. As poesías e relatos do certame teñen como única condición estar escritos en lingua galega, e consta de varias categorías, infantil, dos 10 aos 13 anos; xuvenil, dos 14 aos 18 anos; e adulto, maiores de 18.

As persoas interesadas poderán participar dentro de dúas modali-

dades diferentes. A primeira poesía de 30 a 60 versos e a segunda relato curto de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo.

Haberá un primeiro e segundo premios en poesía e tamén en relato en cada categoría. Os premios consisten nunha figura de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. Haberá un premio especial A Legua Dereita na categoría infantil para aqueles relatos curtos que poñan en valor a cultura tradicional galega.

Cada participante poderá presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, e deberán entregalos mecanografados indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo.

O prazo de entrega rematará o día 27 de novembro e o acto de entrega dos premios será o 16 de decembro.

Críticas polo trato do servizo de transporte a tres escolares

A veciñanza de Pol mostrou ao Concello o seu malestar polo trato que están a recibir tres escolares do termo municipal por parte do servizo de transporte escolar da Xunta. O alcalde, que se uniu a estas críticas, califica de “inaudito” e “vergoñento” o trato que se dá á veciñanza do medio rural.

Explica Ónega que son tres os nenos máis afectados pola negativa do servizo de transporte de estudar os distintos casos, “e que non implican variación ningunha das rutas”. De feito, falan do caso dun neno de Balonga ao que os pais teñen que levar ás paradas establecidas, que ten a máis dun quilómetro da súa casa, cando o bus pasa xusto por diante da porta do domicilio. Unha situación moi parecida pro-

dúcese en Caraño, onde tamén hai que transportar en coche ao pequeno á parada cando só implicaría unha volta mínima do autobús.

Situación similar tamén en Cirio, donde vense obrigados os pais a levar o neno ao pobo cando tamén conta cunha parada de bus xusto fronte á súa casa. Nos tres casos, a Xunta négase a modificar o servizo, “cando non implicaría ningún custe a maiores, ni máis tempo de servizo”.

Considera que se está a perder a esencia do transporte escolar nas zonas rurais cando os pais non poden ter ese servizo cando dispoñen de paradas e da infraestrutura.

“Tanto que falan da Galicia baleira e son eles mesmos os que tratan ao rural deste xeito poñendo máis

trabas e problemas á veciñanza”, indica Ónega e subliña que “é unha vergoña o trato que nos están a dispensar, deixando claro que é unha mentira a súa preocupación polo rural xa que non se molestan en preocuparse un mínimo pola situación destas localidades que non teñen outros servizos alternativos”.

No pasado mes de marzo o Concello de Pol mandou un escrito á Xunta de Galicia solicitando unha marquesiña para a parada de bus onde recollen a tres rapaces para ir en autobús ao instituto de Lugo, “e nin caso se nos fixo”, di Lino Rodríguez, quen tamén lembrou o caso doutra rapaza que ten que camiñar tres quilómetros todos os días para chegar á parada de bus.

O Corgo reanuda as reunións do programa Preescolar na casa

A asociación Antonio Gandoy puxo en marcha nesta localidade unha nova edición do programa Preescolar na Casa: Espazos das familias.

O colectivo lucense centra a súa actividade na organización de reunións de formación nas que as familias con nenas e nenos en idade infantil de 0 a 6 anos, comparten coñecementos e experiencias sobre a importancia educativa dos primeiros anos. As xuntanzas, coordinadas por profesionais do eido educativo, son ademais un espazo de aprendizaxe e socialización para as crianzas, que tamén participan nos encontros.

Ademais destes encontros, nos que desenvolven contidos e propostas adaptadas ás necesidades das familias, a asociación tamén realiza actividades de formación (obradoiros, charlas, etc) para profesionais da educación.

As reunións teñen lugar todos os luns, ás 16.30 horas no centro socio-



cultural do Corgo.

As persoas que desexen información ou participar no programa poden poñerse en contacto cos organizadores no correo antoniogandoyeducacion@gmail.com ou no teléfono 676 427 643

A entidade continúa o labor desenvolvido durante 35 anos por Preescolar na Casa, un proxecto pioneiro na intervención educativa na etapa infantil e na creación de materiais didácticos en galego para estas idades.

Xesús Xosé Iglesias González gaña o concurso musical



Falan uns campesiños aos que lles expropiaron as terras, da autoría de Xesús Xosé Iglesias González, composta sobre o poema homónimo de Manuel María, foi a canción lírica, para voz e piano, que resultou gañadora da segunda edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais celebrada cunha gala-concerto, na Casa-Museo Manuel María, en Outeiro de Rei.

O autor que levou un premio de mil euros en metálico, verá a súa composición editada, xunto as obras das outras finalistas, nunha publicación que será distribuída gratuitamente por todos os conservatorios de música de Galicia para que poida ser empregado como material didáctico.

A gala-concerto contou coa pre-

senza da soprano Esperanza Mara e o pianista Juanma Varela que interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas *Tes un brillo amortecido* de Teo Montero Rey; *Baladiña do salouco confidente* de Manuel Tizón Díaz; *Lembranza da Lagoa de Cospeito* de Brais González Pérez, e *Soños no meu fogar* de Gerald David Vázquez Fernández. E nunha segunda parte presentaron en concerto unha serie de cantigas e melodías galegas da compositora galega Eugenia Osterberger, figura salientábel no mundo musical e cultural de Galiza do último terzo do século XIX.

O gañador desta edición, Xesús Xosé Iglesias González, mora en Salvaterra do Miño, e é profesor de composición no Conservatorio de Música de Ourense.

A Xunta licita a redacción do proxecto da nova depuradora

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, informou da licitación da redacción do proxecto da nova depuradora, que a Xunta deseñará co obxectivo de acadar a súa neutralidade enerxética.

A conselleira sinalou que se trata de atallar os problema de depuración na actual planta de tratamento, construída hai máis de 20 anos, e que unicamente ten un tratamento físico-químico.

Explicou que o contrato para a redacción do proxecto construtivo da nova depuradora suporá un investimento da Xunta de 242.000 €, e avanzou que as empresas interesadas, teñen que presentar as súas ofertas. A partir de aí, continuarase cos trámites administrativos, avaliación de ofertas, adxudicación e sinatura do contrato, que recolle un prazo de 10 meses para a redacción do proxecto.

A titular precisou que o obxectivo é que o proxecto construtivo estea redactado a finais do ano que vén e, unha vez sexa supervisado polos técnicos de Augas de Galicia e aprobado poder iniciar a contratación das obras da depuradora.

A actual depuradora está situada preto da área recreativa de Santa



Isabel, nunha zona próxima aos ríos Miño e Ladra, polo que segundo sinalou a conselleira é frecuente que sufra inundacións, chegando o nivel da auga a superar a cota do recheo existente. Tamén, engadiu, con infiltracións de auga que fan que os caudais que chegan á depuradora para tratar sexan moi superiores aos que deberían, creando ineficiencias e un incremento no custo de depuración. Ethel Vázquez tamén fixo fincapé no estado actual da depuradora, que quedou obsoleta en canto a tecnoloxía, e infradimensionada, tendo en conta o gran crecemento de poboación que experimentou o municipio nos últimos anos: desde 2009, medrou un 7,5%, rexistrando preto

de 400 habitantes máis censados. A conselleira detallou que co estudo realizado, e tras abordar conxuntamente os seus resultados, propónse como a localización máis axeitada para executar a nova depuradora unha parcela identificada polo Concello, anexa á previsita inicialmente.

Destacou que con esta actuación se garantirá unha axeitada xestión e tratamento das augas residuais do municipio, permitindo este contrato o desenvolvemento polo miúdo das actuacións que será preciso levar a cabo e tamén o mellor modo para desenvolver esas intervencións, xunto cos trámites e permisos que serán necesarios.

A localidade acolle unhas xornadas de voleibol de novembro

O concello de Outeiro de Rei acolle unhas xornadas de portas abertas de voleibol os días 6, 13, 20 e 27 de novembro, luns de 19.00 a 20.00 horas no Pavillón Municipal de Deportes de Outeiro de Rei.

Esta actividade gratuíta está dirixida a rapaces e rapazas de entre 8 e 14 anos. Non require inscrición previa.



O BNG reclama o arranxo de humidades no centro de saúde

O BNG presentou unha moción de urxencia para que se arranxe dun xeito definitivo as humidades existentes dende hai máis de cinco anos nunha consulta de atención primaria no Centro de Saúde de Outeiro de Rei.

“Hai que ter en conta que é unha parede completa, a que dá ao exterior, e que esas humidades son unha fonte de fungos que son prexudiciais para a saúde, o que afecta dun xeito moi importante tanto ás profesionais que teñen que estar nese ambiente moitas horas cada día como ás propias persoas enfermas, as cales moitas delas van á consulta con problemas respiratorios, de alerxias, inmunodepresión ou calquera outro tipo de patoloxía, para as cales ese ambiente pode ser moi prexudicial. Todo iso fai que ese local, se non se lle dá unha solución, non sexa un local apto para traballar en cal-



quera actividade, pero moito máis cando se trata dunha consulta médica”, explican desde o BNG. Segundo indican, en repetidas ocasións, ano tras ano dende hai máis de cinco anos, o alcalde se comprometeu a solucionar o problema. Ata o propio Conselleiro de Sanidade cando visitou o centro “tomou nota”. “Non só non se fixo nada, senón que o problema das humidades segue a ser aínda máis grave cada día que pasa”, din.

O xulgado condena a Capsa a actualizar os salarios dos traballadores

A CIG e o comité veñen de gañar o conflito colectivo presentado contra Corporación Alimentaria Peñasanta SA (Capsa) pola negativa da empresa a aplicar a revisión salarial conforme ao IPC real, de acordo co establecido no convenio colectivo da planta da Robra.

A FGAMT-CIG agarda agora que a empresa cumpra dunha vez o seu propio convenio colectivo e aplique de inmediato a suba dos soldos.

O comité (con representación única da CIG) xa solicitou unha reunión coa dirección para tratar cando e como procederá á revisión económica e coñecer a vontade da empresa neste sentido, xa que o incremento debe aplicarse a todos os conceptos salariais anuais na diferenza co IPC real de 2022. Isto é, ademais dunha suba do 3,8%, os traballadores e traballadoras tamén cobrarán os atrasos xerados dende o 1 de xaneiro de 2023. “A resolución xudicial desmonta to-

dos os argumentos de CAPSA, non deixando dúbida de que a revisión salarial haina que facer calculando a diferenza entre o incremento anual acordado e o IPC real, como vía para garantir o mantemento do poder adquisitivo”, subliña Christian López Carmona, secretario da FGAMT-CIG de Lugo-A Mariña. Lembra ademais que esta cláusula de revisión está pactada en convenio para os anos 2022 e 2023, polo que dentro duns meses tocará proceder á actualización salarial conforme ao IPC real de 2023.

Por iso, agarda que a empresa (que comercializa marcas tan coñecidas como Larsa e Central Lechera Asturiana) non interpoña recurso e opte polo cumprimento do pactado e recoñecido na sentenza, “apostando así por recuperar a paz, normalizar as relacións laborais e recuperar a confianza perdida, sobre todo na perspectiva da próxima negociación do novo convenio colectivo”.

O Concello alega á CHMS contra a eliminación de cinco azudes

O Concello de Castro de Rei presentou unha serie de alegacións ás actuacións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil destinadas a eliminar 5 azudes nun tramo de 3'1 km no río Miño e nun tramo do río Pequeno, (nas parroquias de Pacios, Ponte de Outeiro e Muimenta) dos que 4 pertencen ó Concello de Castro de Rei e 1 ao de Cospeito.

Segundo explica o seu alcalde, Francisco Balado, estas estruturas correspóndense coas presas ou azudes de antigos muíños, que actualmente carecen de concesión e enmárcanse dentro das actuacións da Confederación destinadas a eliminar obras hidráulicas previstas na planificación hidrolóxica “que xustifican coas melloras da continuidade fluvial”.

Dende o Concello entenden que a actuación que pretende a Confederación non é a correcta por dous motivos. Aseguran en primeiro lugar que non se ten en conta o punto de vista do patrimonio cultural “xa que se trata de construcións en pedra tradicional que existen desde tempo inmemorial” (algunhas xa constan no Catastro de Ensenada de 1752, incluso son anteriores, e poden contar con 3 séculos de antigüidade).

Engade Balado que están construídas seguindo a “arte da pedra en seco” técnica construtiva consistente en colocar pedras sen ningún tipo de argamasa ou formigón que serva



de elemento de unión, que se utilizaba en paredes, peches de fincas, presas, caneiros, etc... que foi declarada pola Unesco no ano 2018 como patrimonio cultural inmaterial da humanidade.

“Nestes termos sostemos que a pretendida actuación contravén o disposto na lei 5/2016 de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia que no seu artigo 91 atribúe valor etnolóxico aos muíños, batáns e á infraestrutura hidráulica necesaria para o seu funcionamento”, explica.

O Concello especifica unha segunda circunstancia. Alegan que estas estruturas dende tempo inmemorial cumpren unha importante función de retención da auga, que resulta beneficiosa principalmente nos meses de verán, cando a auga escasea, formando parte do patrimonio hidráulico, polo que se entende que

o feito de que se pretenda desmantelar ditas estruturas resultaría contrario ós usos da auga que se veñen facendo nas zonas agrícolas e gandeiras.

“No concello temos un exemplo recente, que facilitou a extinción do incendio que afectou a Castro de Rei o pasado 18 de agosto, no que a presa do río Azúmara, situada na área recreativa do mesmo nome, que igualmente é unha estrutura hidráulica asociada ó muíño de Castro de Rei, que tamén perdeu a súa concesión, pero que grazas á auga acumulada no tramo de río, as cisternas dos gandeiros puideron abastecerse e axudar a apagar o incendio forestal, mitigando os seus efectos, e de non existir dita estrutura hidráulica, resultaría imposible facer o uso da auga que se fixo, polo que os danos terían sido moi superiores”.

EN BREVE

CESTARÍA. Xa está aberto o prazo de inscrición para o obradoiro de cestaría con colmo e silva que se celebrará os días 11 e 12 de novembro no Castro de Viladonga. O taller será impartido pola cesteira Lola Tourón Río e terá horario de mañá e tarde o sábado (11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 horas) e só de mañá o domingo. Para inscribirse deberán chamar ao teléfono 982 870 160. Hai 15 prazas e accederase ao obradoiro por rigoroso orde de chamada.

VALUROS. O colectivo Os Valuros de Castro de Rei ten como obxectivo a creación dun grupo de cantos de taberna, un novo proxecto que abre a toda a veciñanza. O plan que teñen é formar un grupo dun mínimo de dez persoas que non é necesario que teñen coñecementos musicais. As reunións realizaranse os martes ás 20.30 horas e as persoas que queiran participar poden facelo chamando ao 646 475 639 (Ana) onde se lles informará do proxecto.

Sae a licitación o proxecto para o primeiro centro de refuxiados

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou o compromiso do Goberno de España para facer realidade o primeiro Centro de Acolida de Protección Internacional (CAPI) de Galicia en Castro de Ribeiras de Lea, no concello de Castro de Rei. O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións vén de anunciar a licitación para o proxecto que se creará nas instalacións do antigo Hospital San Rafael, cedido pola Deputación de Lugo.

A subdelegada manifestou que “damos un paso máis para facer realidade este centro de refuxiados, o que demostra a aposta do Goberno de Pedro Sánchez coa provincia de Lugo”. Fixo mención

neste senso á visita do Ministro Escrivá a Lugo, agradecendo “que dese a súa palabra e que a materialice en feitos, con este proxecto que se vai facer realidade e será de novo un impulso para o desenvolvemento da provincia”.

Esta licitación permitirá dar un novo uso ao edificio, que terá capacidade para acoller a 250 persoas nun recinto de 43.000 metros cadrados cedidos pola institución provincial.

“Podemos estar orgullosos das políticas públicas que poñemos en marcha na nosa provincia, pensando sempre nas persoas máis vulnerables e con máis necesidades, neste caso de acollemento”, dixo.

Comezan obras de rexeneración de vías



O Concello de Castro de Rei está a executar traballos de rexeneración de vías municipais con cargo ao Plan de mellora de camiños da Xunta de Galicia e Plan Único da Deputación de Lugo, cofinanciadas tamén polo Concello, por importe de 262.000 euros.

A primeira das actuacións que se financia con cargo ao Plan de mellora de camiños da Xunta, cun importe de 102.825 euros, destínase á rexeneración de varias vías municipais nas parroquias de Loentia, Santa Locaia e San Xiao de Mos. Conta cun prazo de execución de dous meses.

A segunda das actuacións que se financia con cargo ó Plan Único da Deputación, cun importe de

159.929 euros, cofinanciada tamén polo Concello, destinarase á rexeneración de varias vías municipais nas parroquias de Santa Locaia, Quintela, San Martiño de Goberno, Bazar, Dumpín e San Xiao de Mos, contando cun prazo de execución de dous meses.

Dende o Concello como é habitual, destacan “a necesidade de poder contar con estas axudas para poder manter en boas condicións a rede viaria municipal, xa que se trata dun concello no que por razón da forte implantación que ten o sector agrícola e gandeiro, as vías están expostas a unhas condicións de deterioro constante, polo que esixen un mantemento moito máis exhaustivo”.



O concurso de galiña de Mos trae premios á zona

O deputado Daniel García entregou os premios do VII Concurso Exposición Monográfico Provincial da Raza Galiña de Mos de Lugo, organizado pola Federación de Razas Autóctonas Galegas (BOAGA) durante mostra agrogandeira Expo-Lugo A Rural, con premios para as criadoras e criadores dos mellores exemplares de galos e galiñas que se puideron ver no Pazo de Feira e Congressos.

No acto recoñeceu tamén a participación de gandeiros e gandeiras que achegaron ao recinto feiral

vacas e tenreiros das razas bovinas limiá, cachena, caldelá, frieiresa e vianesa, e exemplares de Ovella Galega e Cabra Galega, razas agrupadas en Boaga.

O primeiro premio do concurso foi para José Luis Freire Castedo, do concello de Pol, seguido de Sandra López López, de Lánacara, e Beatriz Canto Edrosa, de Castro de Rei. Na categoría de galos o primeiro premio foi para Luis Fernández Fernández, de Riotorto. Por detrás situáronse José Luis Freire Castedo de novo e Sandra López López.

Guntín xunto ao Páramo licitou a compra dunha pa

Os concellos de Guntín e O Páramo sacaron a licitación a compra dunha pa mixta para a realización de diversos traballos de limpeza de cunetas e cauces, poda de árbores e retirada dos restos, plantación de árbores, retirada de obstáculos, etc, todos eles traballos que benefician ao medio ambiente e axudan a previr incendios forestais.

O orzamento total do subministro da pa mixta ascende a un total de 39.780 euros dos que 32.876 e corresponden co valor estimado e 6.903,97 co IVE.

Esta compra está cofinanciada pola Dirección Xeral de Administración Local para levar a cabo o proxecto denominado Adquisición de maqui-

naria para a protección do medio ambiente e do espazo natural ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de xeito individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais. A Dirección Xeral de Administración Local concedeulle á agrupación de concellos de Guntín e O Páramo unha subvención por importe de 37.575,85 euros. Polo que ambos deberán engadir 20.233 euros para completar o orzamento.

Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares farán un magosto

A Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares celebrarán o 11 de novembro, sábado, unha nova festa de magosto continuando coa tradición.

Haberá de menú empanada, churrasco mixto, chourizo, sobremesa, castañas, bebida e café a un

prezo de 20 euros para socios e de 22 para os non socios.

A celebración terá lugar ás 14.00 horas na escola de Ferreira de Pallares e os que desexen asistir deberán anotarse antes do 7 de novembro chamando ao teléfono 639 821 729 (en horario de tarde).

Isabel Rodríguez supervisa o investimento do Goberno central

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, realizou unha visita a Guntín para observar o alcance das actuacións de mellora da eficiencia enerxética do IDAE e conectividade Banda Ancha, cun investimento total de 372.651 euros. O Goberno "fai que os fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cheguen aos concellos, neste caso aos da provincia de Lugo que forman parte do Reto Demográfico, ampliándose así as súas posibilidades de financiamento en materia de enerxía renovable e dixitalización".

Na súa visita ao municipio, a subdelegada puido comprobar xunto á alcaldesa, María José Gómez, a pegada que están a deixar estes fondos, "especialmente para Guntín, concello integrado no Reto Demográfico", co fin de que os territorios de menos de 5.000 habitantes "teñan máis acceso a servizos e recursos, ampliando as posibilidades e a igualdade de oportunidades para a veciñanza de núcleos máis pequenos".

A subdelegada puxo de relevo que esta inversión permite ao concello de Guntín "avanzar en accións de desenvolvemento, igualando moitos dos proxectos ás capitais de provincia, facendo un pobo máis agradable e cómodo para os seus habitantes".



Con isto, preténdese frear o proceso de despoboamento "que está a sufrir o rural desde hai tempo e cremos que é posible achegando iniciativas que innoven e permitan ao municipio avanzar e adaptarse aos cambios que están a flutuar na sociedade, como é a fibra".

Isabel Rodríguez comprobou os proxectos que levou a cabo o IDAE nos últimos anos a través do programa DUS5000, no que se renovaron as instalacións do alumeadado exterior nas parroquias de San Cibrao de Monte de Meda, San Roman da Retorta, Santa Cruz da Retorta, Vila-meia, Zolle, Chao do Monte, Francos, Leboriz, Mougán, Outeiro, Piñeiras, Santoalla, Berlai, Corredoira, achegando 287.646 euros. O programa, xestionado polo Ministerio para a

Transición Ecolóxica, promove actuacións de eficiencia enerxética nas distintas localidades da provincia.

"Os veciños e veciñas do municipio contan xa cun alumeadado máis sostible que permite o aforro económico e que camiña cara á tan imprescindible transición enerxética", agregou a subdelegada con respecto os plans levados a cabo polo programa.

Xunto ao programa DUS5000, Guntín tamén conta con 86.004 euros do Plan Único – Banda Ancha, co que se pretende o despregamento dunha banda ancha a 100 Mbps para todos os habitantes da vila. O plan valora dar acceso a internet con esta velocidade a 3.080 fogares e empresas marcando "un novo fito para levar este servizo indispensable a zonas que axudarán a fixar poboación".

EN BREVE

PORTA A PORTA. O Concello, en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, informa que nos días 20, 21 e 22 de novembro estará na rúa López de Vega, diante do centro de saúde, unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta. Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico coidadosportaaporta.politicasoocial@xunta.gal.

FÚTBOL. A alcaldesa, Remedios González, e os concelleiros Luis Novo e Carlos González mantiveron unha xuntanza de traballo con Manuel Castro Núñez, delegado provincial da Real Federación Galega de Fútbol. O encontro ten por obxectivo chegar a acordos de cooperación entre o Concello de Rábade e a Real Federación Galega de Fútbol para a realización de actividades deportivas no municipio.

Colocan a pedra no chan da praza de España



Continúan a traballar nas obras de recuperación do espazo da Praza de España "que estaba completamente abandonado e que non podía ser usado polos veciños e veciñas debido ao seu mal estado", segundo explicaron desde o Concello.

Os operarios colocaron a pedra do chan, despois de levar a cabo outros traballos previos.

Segundo indica a alcaldesa, Remedios González, "a partir de agora será un espazo accesible, que

deixará atrás unhas instalacións obsoletas e mal coidadas que nos obrigaron a facer unha actuación de emerxencia en canto obtivemos os permisos pertinentes".

Así, o Goberno local ten como obxectivos a eliminación do vertedoiro no que se tiña convertido a antiga fonte, repoñer as árbores orixinais, magnolios, e a iluminación con farolas de fundición, ao tempo que recuperará a zona como espazo público para uso e disfrute dos veciños e veciñas.

O Concello elimina os vertedoiros incontrolados



Rábade, coa colaboración da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e por medio da empresa Tragsa, realizou traballos de eliminación dos vertedoiros incontrolados que existen no municipio.

O equipo de Goberno supervisa estas actuacións, que como recoñece a alcaldesa, Reme González, "supoñen un gran esforzo ante a irresponsabilidade dalgunhas persoas que non se implican no coidado dos espazos

naturais".

Desde o Concello de Rábade recordan que existe un servizo de recollida de refugallos unha vez ao mes chamando para pedir cita previa ao número 981 619 120.

Precisan ademais que están a levar a cabo máis actuacións para conseguir un "Rábade máis limpo", de maneira que á recollida do lixo se sumou un servizo de limpeza das rúas a través de brigadas que se ocupan destes traballos.

Pintan un dos 18 murais de Rosalía

A deputada de Cultura Iria Castro visitou o CPI de Castroverde, onde a muralista Diana Rodeiro, Nana, realizou unha das intervencións artísticas homenaxe a Rosalía de Castro promovidas pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A artista compostelá pintou a súa obra no IES de Monterroso e no CEIP Ricardo Gasset do Incio, e a vindeira semana comezará a súa intervención no CEIP Rosalía de Castro de Mosteiro, en Pol. Nos vindeiros meses, plasmará a súa creación no IES Lois Peña Novo de Vilalba, no CEIP Península da Paz de San Cibrao, en Cervo, e no CEIP de Navia de Suarna.

Outras dúas muralistas (Sandra Lodi e Lara Torres) realizan obras en



homenaxe a Rosalía de Castro en centros educativos das distintas comarcas, contribuíndo a popularizar a súa figura como referencia cultural e feminista. En total, ao longo do ano faranse 18 murais.

As actuacións dan continuidade á iniciativa desenvolvida nos últimos tres anos pola área de Cultura, sumando máis de medio cento de intervencións artísticas de homenaxe a Rosalía.

Castroverde protagonizará a nova xornada viaxeira do GDR-4

Despois do gran éxito da apertura en Friol (135 participantes), da boa acollida da segunda experiencia en Guntín (máis de 100 participantes) e das expectativas que se tiñan e cumpriron para Antas de Ulla, tivo lugar en Castroverde a presentación da cuarta xornada viaxeira *Descubrinto a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía*.

Pilar Ferreiro Villar (concelleira de cultura e deporte do Concello de Castroverde), Lorena López Cedrón (xerente do GDR 4 e do Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa), e Guido Álvarez Parga (impulsor do proxecto Guido Guía) anunciaron os primeiros detalles dun sábado 2 de decembro no que volverán a reunirse historia, cultura, natureza, gastronomía e música tradicional.



Este proxecto engloba a 10 concellos das comarcas de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) nos que nos vindeiros meses irán facéndose xornadas de presentación do que é un proxecto a longo prazo para poñer en valor as

riquezas do territorio, e ao mesmo tempo promover vínculos sociais e culturais tanto de proximidade como con visitantes de máis lonxe que se animen a participar.

A inscrición para esta actividade é gratuítas, e pode facerse a través do correo info@comarcadelugo.gal e do teléfono 982 238 000.

O PP pide o desbroce dos camiños

“Os veciños podemos apreciar o aumento na precariedade do firme de gran parte das pistas e agora tamén a despreocupación do goberno en canto aos labores de roza que debería ter executado en tempo e forma na rede viaria”, sinalan os concelleiros populares.

O Grupo Municipal Popular insta ao equipo de goberno a que elabore un plan de mantemento de estradas municipais que, ademais de establecer un esforzo importante no mantemento e mellora do firme, tamén recolla un plan de rozas adaptado ás necesidades de cada pista e lugar.

AXENDA

MEMORIA. Organizado un obradoiro de memoria para maiores de 55 que se desenvolverá todos os martes e xoves de 11.00 a 13.00 horas. Terá lugar no concello vello cunha duración de dous meses. As clases, que serán gratuítas, está previsto que dean comezo o martes 7 de novembro. As persoas interesadas en anotarse poden facelo nas oficinas do Concello.

MAGOSTO. O sábado día 11 o Castroverde organiza un magosto que dará comezo ás 20.00 na praza do Concello. Haberá degusta-



ción gratuítas de castañas asadas, empanada, lacón bebidas e doces. Para amenizar a noite, contarán coa actuación *O conxuro dos catro elementos*, do grupo musical Zuncurrundullo.

A vila participará no programa de animación á lectura

O Ministerio de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral do Libro, do Cómic e da Lectura, pon en marcha unha nova edición do programa de actividades literarias en institutos de titularidade pública, que chegará a 13 centros galegos.

O proxecto, que se desenvolve en Galicia entre o 24 de outubro e o 15 de novembro, conta coa participación de Paula Carballeira Cabana (recentemente galardoada co Pre-

mio Nacional de Literatura Dramática), Manuel Loureiro Doval, Miriam Ferradáns Ferradás, Manuel Cranio, María Sánchez Rodríguez, Manuel Carlos Núñez Singala, Jesús Castro Yáñez, Alba Cid, Chiki Fabregat e Cristina García Morais.

Durante estes encontros literarios os autores falarán sobre a súa obra e os seus procesos creativos e manterán un diálogo aberto co alumnado. Nesta localidade estarán con María Sánchez.

O PSOE acusa ao alcalde de facer un uso partidista das redes sociais

A agrupación do PSdeG de Portomarín denuncia que o Concello está usando as redes sociais da institución con fins partidistas para facer propaganda do PP. O voceiro municipal socialista, Marcos Arias, alerta de que dende a conta oficial da entidade local se compartiron contidos das redes do Partido Popular, “un feito que nos parece gravísimo”.

Arias sinala que se lle deu difusión en Facebook e Instagram a unha publicación do PP provincial, cando esta conta debe estar “para dar información de servizo público e non de carácter partidista. As redes sociais das administracións públicas serven para ter unha canle de comunicación entre a propia administración e os veciños e veciñas, non para facerlle

propaganda ao PP”.

“Rexeitamos completamente a inaceptable utilización que se está facendo das redes sociais do Concello de Portomarín, e pediremos explicacións no próximo Pleno”, indica. Así mesmo, adianta Arias que preguntarán quen é a persoa responsable do mantemento e actualización destas redes sociais.

“Pedímoslle a este Goberno que se poña a traballar dunha vez por todas para os veciños de Portomarín, en vez de facelo para o Partido Popular. É necesario que se atendan as problemáticas que temos, como contar cunha rede de auga de calidade ou facer melloras no colexio, entre moitas outras necesidades que están á espera de que o Concello reaccione e actúe”, afirma o socialista.

Portomarín celebra o domingo 5 a sétima Ruta da Anguía

O domingo 5 Portomarín acolle a VII Ruta da Anguía organizada polo club ciclista Os Anguías BTT. Este evento deportivo terá a consideración de marcha cicloturista en BTT non competitiva. Haberá dous percorridos, un de 33 e outro de 44 quilómetros. A saída terá lugar ás 9.30 da praza do Concello ao carón da igrexa de San Nicolás. Ao rematar a ruta haberá un avituallamento final con empanadas de anguía e pinchos variados. Tamén terán servizo de duchas, lavado de bicicletas, albergue gratuítas, ambulancia e médico.



DEPUTACIÓN

Esixe ao Goberno galego un plan autonómico de loita contra a velutina



A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que actúe xa e active un plan autonómico de control da velutina, así como unha liña de axudas para compensar aos apicultores e outros produtores do sector primario afectados, e frear o grave impacto que está ocasionando esta especie invasora. O Goberno provincial sacou desta forma adiante a súa proposta para reclamar ao Executivo autonómico medidas para paliar a expansión dos avespeiros, como están facendo outras comunidades autónomas como Asturias, Navarra ou Illas Baleares. O PSdeG e do BNG votaron a favor, mentres que o PP votou dividido: 10 abstencións e 2 en contra.

A voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, explicou que a “crise da velutina é unha crise xerada durante os mandatos do PP na Xunta e, neste caso, non poden aludir nin a herdanzas recibidas, nin ao tipo de escusas

que empregan habitualmente para agochar a súa mala xestión”. Cronoloxicamente, concretou, a expansión da velutina en Galicia coincide cos anos de Goberno do PP na Xunta, “polo que é un fracaso das súas políticas no rural, pois non potenciou nin medidas globais ou integrais, nin implicou ao sistema investigador nin ás universidades para trata de combater esta auténtica praga que ameaza ás persoas e máis ás actividades agrarias”.

A institución provincial insta a que este plan se faga dun xeito semellante ao feito en comunidades como Asturias, Navarra ou Illas Baleares, onde se recolla a avaliación e expansión dos avespeiros por zonas ou comarcas. Así mesmo, solicita que, mentres se elabora este plan, se incremente o persoal do Seaga destinado a loitar contra a velutina e se revisen os protocolos de retirada dos avespeiros, mellorando a atención das denuncias e incidencias notificadas e o tempo de resposta na retirada de niños.

O Pleno reclamará á Xunta un Plan Único con fondos para os concellos

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia a elaboración dun Plan Único de financiamento para os concellos, elaborado con criterios obxectivos, e que incremente a achega de fondos directos que as facendas locais perciben da administración autonómica. Así se acordou no Pleno de final de outubro a proposta do Grupo Socialista, contando cos votos a favor do BNG e, en contra, do Partido Popular.

A voceira socialista do Goberno e Deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu esta iniciativa poñendo o foco en que a Xunta presentou recentemente os Orzamentos 2024, cos que “agocha as eivas da súa xestión e esgota os superlativos sobre o carácter excepcional ou de récord das contas, mentres na vida real os veciños e veciñas o único récord que bate a Xunta é o de gastar cada ano máis cartos para ofrecer peores servizos públicos”. “Os Orzamentos previstos para o 2024 son tamén, unha vez máis, un exemplo do desinterese da Xunta pola situación dos concellos galegos e o seu evidente desprezo cara as súas necesidades”, manifestou a Deputada. Dixo que sobre un total de 13.257M€, a Xunta destina ao Fondo de Cooperación Local 152M€, o que supón o 1,1% do total, e apuntou que o resto que percibirán as facendas locais “depende dos criterios arbitrarios e partidistas en torno a figuras tan surrealistas como as subvencións non competitivas que se abren ás 12 da noite e quedan esgotadas 5 minutos despois”.



A deputada sinalou que, mentres non se poña en marcha o citado Plan que se solicitou no Pleno, a Xunta debe incrementar o Fondo de Cooperación Local, polo menos, na mesma porcentaxe na que medrou o IPC durante os anos nos que o tivo conxelado.

ORZAMENTOS. A moción tamén recolle unha petición ao Presidente da Xunta de Galicia para unha reunión cos presidentes das deputacións e da Fegamp para estudar, consensuar e falar de cara a contar cun proxecto de orzamentos autonómicos “xusto e igualitario con todos os concellos de Galicia”.

CONTRATOS. O pleno tamén lle deu o visto bo ao Regulamento do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo (TARCLU), dándolle continuidade ao acordo plenario do mes de xullo para a creación deste tribunal. Este órgano especializado servirá para resolver os recursos especiais en materia de contratación e vén motivado polo

alto volume económico da contratación da Deputación de Lugo. Así mesmo, servirá para dar servizo aos concellos da provincia que se adhiran e tamén ás universidades públicas ou calquera outra entidade da provincia que estean suxeitas ao réxime de recursos especial ou reclamacións.

A deputada de Economía, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, detallou que “con esta medida seguimos avanzando cara unha administración máis áxil, máis eficaz, máis transparente e máis útil aos veciños e veciñas, o obxectivo polo que neste Goberno provincial traballamos cada día”. “A creación do Tribunal responde ao exercicio de competencias naturais desta administración na prestación de servizos aos concellos da provincia de Lugo, brindando a posibilidade da súa adhesión voluntaria cando designen ao tribunal da Deputación como órgano competente para a resolución dos recursos que se interpoñan nos procedementos que tramiten”, sinalou a deputada.

Renovada 10 anos a declaración da reserva da biosfera Terras do Miño

Por dez anos máis renovou a Deputación a declaración da Reserva da Biosfera Terras do Miño, a primeira que se recoñeceu en Galicia –no ano 2002–, a máis extensa da comunidade autónoma e a segunda de toda España, e a única da Península Ibérica que alberga no seu territorio unha capital de provincia.

“Conseguimos o preceptivo informe positivo por parte do Consello Científico do Comité Español do Programa MaB da Unesco, un órgano dependente do Goberno do Estado que está formado por 22 científicos de universidades ou centros de in-

vestigación. Este informe será ratificado pola Unesco previsiblemente a mediados do vindeiro ano”, explicou García Porto.

A avaliación realizada “recoñece o compromiso e o traballo” da Deputación de Lugo “en favor da preservación, da posta en valor e do desenvolvemento sostible deste territorio” a través dos plans de xestión aprobados e acometidos pola institución, algo que fai, ademais, “da man dos concellos e dos axentes sociais e económicos que forman parte da Reserva” a través dos órganos de xestión e de participación, subliñou.

De feito, argumentou, o informe elaborado polo Consello Científico do Programa MaB “destaca a posta en marcha dun gran número de actividades e iniciativas de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural”, iniciativas como o programa Life in Common Land, levado a cabo con fondos europeos e en colaboración coas universidades de Santiago e A Coruña co obxectivo de favorecer o desenvolvemento sostible da Serra do Xistral, que forma parte da Reserva, así como “a implicación dos veciños e veciñas dos 26 concellos” que integran Terras do Miño.

Máis investimento no programa Lugo Termal

A Deputación de Lugo vén de aprobar unha nova edición do programa Lugo Termal con dúas novidades principais para a temporada 2023-2024: máis investimento e máis prazas. Este programa ofrece descontos para tratamentos termais nos balnearios da provincia para ás persoas maiores de 50 anos.

O programa estará dotado este ano cun investimento de 91.000 euros, o que representa unha subida de case un 30%, e se pasará de 1.025 a 1.300 prazas, o que supón tamén case un 30% máis. Ademais, incor-

pórase aos balnearios de Pantón, Pambre e Lugo o de Guitiriz, en funcionamento dende o pasado mes de maio.

Concretamente, o programa contará con 825 prazas con estancia: 50 no Balneario Termas de Lugo, 400 no Balneario Río Pambre, 300 no Balneario de Guitiriz e 75 no Hotel Balneario Augas Santas. Ademais a Deputación ofrecerá outras 475 prazas sen estancia: 150 no Balneario lucense das Termas, 150 no Balneario Río Pambre, 100 no Balneario de Guitiriz e 75 no Hotel Balneario Augas Santas.

COLABORACIÓN

Liberdade para a arte

IDAS E VOLTAS



Carlos Gegúndez

A figura colosal de César a carón da muralla é xa un recurso turístico consolidado na nosa cidade, non hai turista que non veña aquí e que non vaia coa cámara do seu teléfono móbil buscando o ángulo axeitado para inmortalizar a desafuzante silueta do xeneral romano. Unha obra de excelente factura executada con mestría polo artista lugués Diego As. Alén do extraordinario talento do grafitreiro, o grande éxito desta imaxe, ao meu ver, radica no seu emprazamento, a vella Lucus Augusti. Ademais, esta áchase ao carón do monumento máis emblemático do pasado romano co que conta a bimilenaria civitas. É máis aínda, o tiro de cámara máis acaído atópase no adarve da fortificación. Polo tanto, os espectadores contamos cun miradoiro privilexiado para a contemplación da egregia figura, e obviamente os turistas poden retratar ou retratarse cunha excelente obra de arte ao fondo e con absoluta tranquilidade, completamente a salvo do tráfico rodado. É obvio que o recoñecemento desta obra como mellor mural do mundo en 2021 foi un punto de inflexión para o seu autor. Diego Anido ten confesado que esta creación é seguramente “a máis especial porque grazas a ela pod

vivir pintando graffitis”. Tamén nos abriu os ollos a moitos veciños e veciñas da cidade que nunha grande maioría, vimos como un spray ben empregado pode trazar verdadeiras obras de arte, mellorar o urbanismo e mesmo potenciar e proxectar a marca Lugo cara o exterior. Polo tanto, coa arte urbana pasa algo parecido ao que aconteceu coa Muralla no seu día. Lembro agora as verbas dun antigo profesor e exalcalde de verbo florido cando o interpe-laron polo impacto da declaración do monumento como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO: “O mellor é que os lucenses xa non a ven como un obstáculo, todo o contrario, agora presumen dela”. Nos últimos tempos, estamos a ver como desde as propias administracións se promove a arte urbana, e nesta aposta cómpre destacar o festival Culturban que xa leva catro edicións e que fomenta este tipo de creacións. Agora mesmo hai unha exposición no Museo MIHL e outra na céntrica rúa Doutor Rafael de Vega sobre este certame de pintura que nos permite visualizar diferentes deseños dos grafiteiros na nosa cidade. Algúns pensarán que a arte urbana pode ser un atractivo turístico, eu mesmo considero que pode axudar e complementar a oferta que xa temos. Obviamente, é moi complicado competir con cidades como Berlín ou Lisboa que están entre as mellores do mundo, dado que contan con magníficas e emblemáticas

obras de arte nas súas rúas, para chegar a iso hai moito que traballar e mesmo para chegar ao nivel tamén importante de urbes como Madrid, Barcelona ou Valencia. Non podemos esquecer que o posicionamento de Lugo como destino está moi lonxe das cidades que vimos de mencionar e que as principais apostas teñen que ser outras como o turismo cultural ou o de natureza, máis se temos en conta a provincia na que estamos. Ora ben, o street art, anglicismo que designa a arte a que nos estamos a referir, debe ser desde no meu punto de vista, unha oferta complementaria que permita darlle un valor engadido aos recursos e mesmo produtos turísticos consolidados cos que xa contamos. Si, a arte urbana pode ser unha alternativa de ocio para os que nos visitan. Pensemos que ademais esta técnica pictórica é perfectamente sustentable desde o seu proceso de creación, sempre que os artistas empreguen os materiais axeitados. Adoitan dicir os especialistas en marketing e publicidade cando nos queren vender un produto determinado, que só ofrece vantaxes. Non é a miña pretensión vender a arte urbana, mais coido que é multifuncional; permítenos pór en valor obras e artistas, mellora os espazos que coloniza, minimiza o feísmo urbanístico e arquitectónico, e como dixen antes, pode ser un valor engadido para un destino turístico. Xa que logo, liberdade para a arte

Hai anos teño escoitado a hostaleiros e empresarios do sector do turismo dicir que un dos puntos débiles de Lugo era que os visitantes estaban de paso, paraban pouco, as pernoctas eran escasas e que cumpriría que a súa estancia se alongase máis alá dunhas poucas horas, medio día ou unha única xornada, recomendaban traballar para conseguir que esas estadias fosen de varios días. Penso que nisto se ten mellorado ultimamente e que agora os

que se achegan a nosa cidade son cada vez máis turistas e menos excursionistas. Aínda así, é bo mellorarmos e a arte urbana, como vimos dicindo, pode ser un atractivo turístico máis que mellore a oferta. Porque como me dixo hai anos un veciño dunha aldea remota cando pechou a última taberna do lugar “non me pesa polo viño”, pero si precisaba ao igual que o precisan tamén os que nos visitan “algo no que pasar o tempo”.

O RECUNCHO DE CANELINA



Benestar emocional do docente

O PUPITRE



Julio Díaz

Nun informe profesional que manexei hai uns días reflectíase que o estado de tensión constante que afecta á saúde mental dos docentes, plasmándose nun aumento importante de baixas laborais, pasando do 5 % ao 16 % os que rematan recorrendo a ela. Algo que se atribúe ao contexto educativo actual e á crise de pandemia e

postpandemia que aínda estamos a sufrir. Entendemos por saúde emocional ese estado de benestar psicolóxico xeral. Inclúe a maneira de sentirse cara un mesmo, a calidade dos seus vínculos, a capacidade para manexar emocións e sentimentos e as distintas formas que todos temos e debemos ter de encarar dificultades. A saúde emocional non é só a ausencia dunha enfermidade, implica capacidades e potencialidades, como son a resiliencia, a autoestima, ou buscar a mellor adaptación aos cambios. O burn-out ou ‘síndrome do quei-

mado’ é algo que como profesionais da docencia vimos a sufrir cada vez con máis intensidade; e que o noso traballo cada vez é máis complexo e estresante. Este síndrome (SBO) foi o primeiro en desenvolverse e actualmente a OMS o recoñece como enfermidade. Ocorre que moitos profesionais da docencia incrementan ata tal nivel as súas obrigas profesionais que acaban por descoidar a súa, e quero eu desde o meu ‘pupitre’, recomendarlles que é imprescindible coidar dun para poder realmente despois coidar dos demais, así que antes de preocu-

parte en exceso do teu alumnado, debes darte tempo para vixiar as túas horas de descanso, de sono, a túa alimentación, a túa vida familiar e persoal. Para que o noso alumnado teña unha rede importante de apoio; nós, os docentes, debemos ter en perfecto equilibrio a nosa saúde mental e física para así poder asegurar que a atención ao noso alumnado sexa a mellor. Debe o docente aprender a manexar as súas emocións e explorar con frecuencia o seu estado emocional, os factores que nos rodean e como nos afecta, así como as relacións persoais cos demais. Non se trata

de darlle demasiadas voltas aos temas, pero si que de vez en cando avaliemos como nos sentimos. Debemos ser conscientes da problemática actual nos centros educativos onde o benestar emocional de toda a comunidade educativa debe ser unha prioridade das administracións. A atención ao profesorado, o recoñecemento social ao noso traballo, así como a inversión en educación son aspectos primordiais a ter en conta si pretendemos unha educación de calidade. É imprescindible, neste senso, o recoñecemento de enfermidades profesionais dos docentes.

DEPORTES

A Xunta compromete o patrocinio ao CB Breogán

A Xunta de Galicia asinou un novo acordo de patrocinio co club de baloncesto Breogán, por importe de 50.000 euros, polo que os xogadores lucirán no pantalón de xogo o logo da Xunta de Galicia.

O delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias, acompañado polo director xeral do club, Tito Díaz e a vicepresidenta do Parlamento de Galicia, Elena Candia, visitou o adestramento do equipo, ao que felicitou pola primeira vitoria en competición europea, na Basketball Champions League, impoñéndose ao Bursaspor de Turquía no Pazo dos Deportes. “Un trunfo histórico que nos fai sentir

orgullo a todos os lucenses”, dixo. Este patrocinio enmárcase dentro do apoio do Goberno galego ao Breogán na súa andaina europea e, segundo resaltou Arias, “chega nun momento clave”, no que o equipo afronta unhas circunstancias difíciles polas lesións de varios xogadores.

Neste mesmo sentido, Tito Díaz salientou que esta colaboración supón “un impulso” para o Breogán “nun ano histórico”, no que compete en Europa despois de 38 anos, e ao mesmo tempo é a tempada de consolidación na ACB “tras dúas tempadas extraordinarias”, o que supón “un reto” para o club.

Meira gaña o Rally San Froilán e Senra, segundo, o campionato

O Rally San Froilán 2023 tivo na madrugada do seu remate dous novos campións. Alberto Meira foi o vencedor da sesión luguesa mentres que Víctor Senra, que quedou segundo, fíxose co título de campión Galego.

Remata cun novo éxito de público e de participantes, malia o tempo que deu algo de tregua durante o sábado, un rally no que Alberto Meira dominou en case todos os tramos aos mandos do seu Skoda Fabia. Este é o terceiro triunfo consecutivo en Lugo completando un percorrido de 1.10.58.480 e 10.6 segundos de vantaxe con respecto a Víctor Senra, quen finalizou cunha vantaxe de 2.05 minutos ante



lago Caamaño, que co seu Fod Fiesta foi o terceiro.

A segunda praza tivo un sabor de vitoria para Víctor Senra, que no seu Hyundai i20 certifica o título de

campión galego e acumula o sétimo para o piloto de Dumbría. Tiña como meta Senra quedar entre os cinco primeiros e non perdeu o pé en ningún momento.

Lugo acolle a sexta edición do Cross Nacional Ponte Romana

A sexta edición do Cross Nacional Ponte Romana desenvolverase os días 4 e 5 de novembro na contorna do Pazo de Feiras e Congressos de Lugo. Este evento está incluído no calendario oficial da RFEA e conta coa colaboración e o patrocinio institucional do Concello de Lugo, Deputación de Lugo e Secretaría Xeral para o Deporte.

A distancia absoluta masculina e feminina será de 5 quilómetros debido

ao apertado do calendario con campionatos importantes a fin de semana anterior e posterior a este cross. O programa de competicións ofrecerá probas para todas as idades.

O delegado da Xunta, Javier Arias, participou na presentación da proba, da que destacou o nivel dos atletas participantes e o elevado número de inscritos nas diferentes categorías -a organización agarda que sexan arredor de 800-.

Tres deportistas do CD Biosbarido fan podio nas últimas probas galegas

Na carreira dos Canóns do Sil, Eneko Hurtado e Fran Sobrado, do CD Biosbarido, quedaron campión e subcampión na proba máis explosiva do calendario. En máis de 7 quilómetros tiveron que superar os 400 metros de ascenso para coroarse campión e subcampión nesta proba tan esixente, na que a choiva foi a protagonista.

Eneko Hurtado dominou de principio a fin, descolgándose nos últimos quilómetros de Fran Sobrado.

Ambos os dous cruzaron a meta afianzando o liderado lucense.

No Desafío Internacional Ecocamiño 110k tamén houbo dominio biosbarido. Proba do calendario internacional da RFEA con saída ás 8 da mañá en Sarria e meta no Monte do Gozo. Emilio Montilla domina a súa categoría (M50) cun tempo de 10,52 afianzándose como cuarto absoluto da clasificación xeral.

Días antes, Iván Sangiao fíxose co bronce M35 na media maratón de



Pontevedra. Iván Sangiao rematou en 1 hora e 17 minutos a media maratón, que enfocou como test previo ó campionato galego que se disputará en novembro.

Cambio de liderado no XII Aberto do Ferro

Por Daniel Rodríguez Saavedra

A mañá estaba fría, ameazando choiva, máis respectou a xornada billardeira no Campo das Minas, onde nos xuntamos 83 palanadores (53 homes, 21 donas e 9 cativos) para disputar o XII aberto do Ferro e levarse o premio da navalla. Un dos pioneiros neste apaixonante xogo presentouse no campo para dar unha nova lección de entusiasmo e bo facer acadando o máis alto do podio con 24 puntos: Xermán Viluba, alma e corazón billardeiro. Outro dos de sempre, o tricampión nacional Markytos, acompañouno no podio como terceiro, logo de que fora superado nun emocionante desempate pola xuventude de Gundar, que deu un toque xuvenil ao podio colándose entre os dous

veteranos mestres.

Moi disputado estivo o podio por equipos, se na derradeira xornada os Billardeiros Musicais superaron por dous puntos aos Troitas Bravas, nesta ocasión foi ao revés sendo a diferenza entre eles de só un punto. No terceiro chanzo repite Madia Leva, que este ano vai por todas e xa supera en dez puntos aos Carabullo.

Na categoría de donas, Cris vén reclamando un merecido posto entre as mellores, e foi terceira tan só superada por Geni e Aroa, que dominaron con autoridade a xornada. En canto a cativos, o dúo Diego e Mateu segue na súa loita particular e non dan oportunidade, só Roi puido achegarse a eles para ocupar o terceiro posto.

O Lugo Sala presentou os 21 equipos da tempada nunha festa

Coa tempada 2023-2024 xa en marcha e o inicio aos poucos de todas as competicións ligueiras, o domingo 22 de outubro tivo lugar no Pazo Municipal dos Deportes de Lugo a presentación oficial da nova campaña de Lugo Sala, co desfile dos 21 equipos que conforman neste curso as categorías inferiores da entidade e no que foi o seu gran día coa posta de longo para todos os xogadores e xogadoras que superan este ano os 250 deportistas.

Esta tempada é moi especial, xa que en maio do próximo ano 2024 a entidade cumprirá os seus primeiros 10 anos de existencia. “Estamos por tanto nun momento clave do proxecto, totalmente asentado na



cidade e recoñecido tanto a nivel autonómico como nacional. Cunha estrutura profesionalizada e en constante crecemento ano a ano e unha masa social que cada día segue aumentando, xunto cun primeiro equipo que é o espello onde se miran todos os nosos xogadores e que ten o reto e obxectivo de buscar o salto

á 2ª división do fútbol sala español”, din desde o club.

Neste día de festa, tras o desfile de todos os xogadores e xogadoras, houbo intervención por parte das autoridades presentes, para finalizar o evento coa realización das fotos oficiais da tempada, tanto dos persoais como a gran foto de familia.

“O importante é manter valores como a inclusión e a integración”

Álvaro Abuín, director técnico do CB IES Sanxillao, que vén de formarse

O CB IES Sanxillao nace este ano co obxectivo de construír unha comunidade social que xire en torno ao baloncesto para dar a todos os seus alumnos a oportunidade de practicar unha actividade deportiva. Falamos con Álvaro Abuín, director técnico deste proxecto.

Como nace o Club San Xillao?

A idea nace o ano pasado, a raíz de que varios profesores e membros do equipo directivo do instituto estabamos buscando formas de mellorar o clima do centro, que non era malo, pero de darlle un pouco de melloría. E tamén que os rapaces puidesen usar o centro pola tarde e abrílles a biblioteca para que viñeran a estudar, sobretudo coa idea de crear comunidade. Unha das ideas que xurdiu, dado que eu tiña a formación e xa fora adestrador, foi abrir unha actividade de baloncesto. Así o ano pasado comezamos como actividade extraescolar cos máis pequenos, os de primeiro ciclo, durante tres tardes á semana. A sorpresa foi que nós contabamos con dez ou doce nenos e nenas e apareceron corenta. A partir de aí os rapaces comezan a demandar competir, as familias comezan a implicarse e decidimos montar o club. Como club nacemos este ano pero durante o ano pasado as familias xa comezaran a traballar para que poder darnos de alta en setembro. Hai unha gran implicación tamén por parte do centro, de feito a directora é a presidenta do club e a vicedirec-

tora e a vicepresidenta. Dentro da directiva tamén hai pais e nais, eu estou na dirección técnica a nivel deportivo e contamos con catro adestradores máis Marcos Rodríguez, Cristina Díaz, Demekech Vázquez e Manu García.

Con cantos equipos contan na actualidade?

Neste momento temos un cadete masculino e catro infantís, dous masculinos e dous femininos.

Cales son as dificultades coas que se enfrenta un club de nova formación?

Pois principalmente toda a burocracia e todo o papeleo que hai que levar a cabo para poder dar de alta o club. A federación bota unha

“Neste momento temos un cadete masculino e catro infantís, dous masculinos e dous femininos”

man pero non existe un protocolo de actuación para clubs novos onde estean indicados os pasos a seguir. Hai que ler moita documentación que está enfocada a clubs que xa levan anos e nós non contamos con ninguén no ámbito administrativo que sexa profesional. Tamén é moi difícil atopar adestradores, adestradores formados.

E despois temos tamén a traba da instalación, agora mesmo non contamos cunha instalación homologada e cando solicitamos ás institucións a reforma do pavillón ou nos dan largas ou nos derivan. Este é outro dos grandes problemas porque comezas con moita ilusión, intentando montar todo, financiando o material ata onde podes pero ao final a instalación é precaria. Gustaríanos que os rapaces puidesen adestrar en boas condicións e que nos partidos como locais non tivesen que ir a outras instalacións.

Cales son os obxectivos do club a curto e medio prazo?

Os nosos obxectivos principais son que os rapaces disfruten e aprenda baloncesto e fomentar unha cultura do deporte. Que comencen a ver a actividade deportiva non só como ocio senón que sexan capaces de comprometerse e que entendan que o deporte está moi vinculado coa saúde e coa prevención de futuros riscos. Temos proxectos para vincular o club e crear convenios con diferentes comercios da zona como nutricionistas ou fisioterapeutas que nos apoian e nos botan unha man. A nivel competitivo non temos ningún obxectivo máis que os rapaces se esforcen e disfruten pero sen buscar resultados. E despois crecer, que todos os rapaces do instituto e arredores que queiran xogar con nós que poidan facelo. Pero o máis importante para nós é manter os valores principais do club que son a inclusión



e a integración. Somos un instituto con moita diversidade, tanto clínica como socioeconómica. onde o vinte por cento dos nosos rapaces non pagan nada porque non poderían ter acceso a esta actividade se tivesen que pagar a cota. Estámolos dando conta que hai rapaces que querían xogar ao baloncesto, que están a facer baloncesto con nós, e que en outro club non sería posible. Isto é grazas tamén a que contamos con patrocinadores que asumen esas cotas e que nos axudan para poder saír adiante. Polo tanto traballar por un club inclusivo onde todos os pequenos poidan xogar ao baloncesto independentemente das súas condicións é o máis importante para nós.

Que tal foi a acollida por parte das familias?

Moi, moi, moi boa. Temos unha

directiva moi implicada e moitas familias que están moi ilusionadas. Estámolos atopando con nenos e nenas con moitísima diversidade que aquí atopan o seu oco para poder facer deporte, que están a gusto e se senten incluídos e iso as familias valóranos moito.

Como traballan esa diversidade?

Intentamos utilizar metodoloxías orientadas á inclusión de nenos con TDH ou con trastornos do espectro autista e despois sobre todo incluíndo, fomentando a resolución de conflitos de maneira construtiva ou intentando non ser punitivos senón orientar á reflexión. A nivel socioeconómico ademais das bolsas a directiva está moi implicada e somos como unha familia realizando un gran traballo de apoio mutuo, compartindo e aportando a aqueles nenos que máis o necesitan.

A Fundación Breogán arranca o proxecto de baloncesto inclusivo

Por segundo ano, arrancou o proxecto de baloncesto inclusivo *Persoas*, orientado a promover a práctica do baloncesto entre persoas con capacidades diferentes da man da Fundación Breogán. As sesións de adestramento serán todos os xoves, de 16.00 a 17.00 horas no Pazo dos Deportes. Están dirixidas por Salva Arco, ex xogador do CB Breogán e director da Fundación Breogán, e con-

tarán co apoio de persoal de Raiolas, Afulu e Adace Lugo.

Complementariamente á práctica deportiva, organizaranse actividades como visitas dos xogadores do C.B. Breogán aos adestramentos ou asistencia a encontros.

O obxectivo do proxecto é normalizar a nivel social a práctica deportiva das persoas con discapacidades e xerar as mesmas oportunidades.

O Ensino gaña a Copa Galicia Sénior Feminina

A Copa Galicia Sénior Feminina celebrou en Compostela a súa XXXVI edición, a festa do Baloncesto Feminino por excelencia, contando con catro candidatas ao título de máximo nivel: Durán Maquinaria Ensino, Celta Zorka Recalvi, Baxi Ferrol e Mariscos Antón Cortegada. O Ensino venceu a Baxi Ferrol, sumando así a cuarta Copa Galicia da súa historia (2023, 2019, 2018 e 2006).



DE RUTA EN RUTA

Da Fonsagrada a Negueira de Muñiz

Esta ruta de 30 quilómetros e dificultade media permite viaxar entre estas dúas localidades da montaña e disfrutar da paisaxe

Realizando esta ruta que percorre o camiño entre as localidades da Fonsagrada e Negueira de Muñiz podemos atopar unha paisaxe natural que vai alterando as montañas co val do Navia. Daremos comezo na Fonsagrada onde unha vez visitada a vila colleteremos camiño en dirección Asturias ata chegar á aldea de Paradanova, actual punto de referencia no descanso dos peregrinos.

Continuaremos o camiño cara Fonfría, onde poderemos ver o antigo hospital e ademais dende esta localidade pódese visualizar a Terra de Ocoso ao lonxe, un espazo enmarcado dentro da Reserva da Biosfera, de grande interese natural.

Dende esta aldea tamén poderemos apreciar parte do municipio da Fonsagrada, o de maior superficie galego, cun total de 400 quilómetros cadrados e que se atopa a 949 metros sobre o nivel do mar. Unha das capitais municipais a maior altitude de Galicia como consecuencia da busca do sol nunha zona que posúe uns invernos moi duros.

Saíndo de Fonfría colleremos o



desvío cara Liñares de Bidul, onde a paisaxe comeza a variar e atopámonos con árbores e matos que nos cambian de estación producen unha vista moi colorida. A seguinte parada do noso camiño será Vilar de Cuiña, onde xa comezaremos a apreciar as primeiras vistas do Val do Navia. A Fornaza e Arexo serán as seguintes localidades e durante este percorrido seguiremos o curso do río dende o alto ata chegar á aldea de Arexo. Neste punto merece unha especial mención o miradoiro de Arexo, situado na ribeira do río Navia, que conta cunha caída de máis de 200 metros cara o río. Desde este miradoiro poderemos observar tanto o val da Navia, cunha gran perspectiva visual, como varios altos da zona asturiana, como a serra de Cuías e a de Busto, sendo este forte contraste unha das principais características da vista.

Dende Arexo podemos observar gran parte dos valores como paraíso natural que posúe esta

comarca como a ZEC Negueira ou a Reserva da Biosfera Río Eo, Ocoso e Terras de Burón.

Dende aquí continuaremos baixando cara o río Navia, onde atoparemos diferentes miradoiros que nos permitirán seguir disfrutando das vistas que esta paisaxe ofrece ata chegar a Negueira de Muñiz. Este municipio conta cun total de 215 habitantes distribuídos en seis parroquias: Barcela, Marentes, Ouviaño, Río do Porto, San Pedro de Ernes, e Negueira.

Na pequena aldea de Negueira de Muñiz, ademais dunha preciosa contorna natural, que xa vimos disfrutando ao longo de todo o percorrido, poderemos visitar o gran patrimonio natural que atesoura. Neste punto onde finaliza o percorrido desta ruta non nos podemos perder a igrexa de San Salvador, un templo datado entre finais do século XV e comezos do século XVI que presenta unha nave en forma de cruz latina. No seu interior podemos atopar dúas capelas laterais e a capela maior



capela maior cuberta cunha bóveda de aresta. Ademais do patrimonio eclesiástico da zona Negueira de Muñiz conta con gran variedade de mostras da arquitectura popular como

as adegas, os cabaceiros de tipo asturiano, as vivendas con grandes muros de pedra e tellados de lousa ou os lavadoiros que merece a pena visitar.

DATOS



16 horas



30 quilómetros



Dificultade media

Que la miopía
**NO FRENE
SUS SUEÑOS**

Soluciones para
frenar el avance
de la miopía



Pide tu cita



federópticos
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 - Lugo
T. 982 24 56 17
T. 609 27 52 76



Nº R. S. E27-000138, E27-000394